

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 29 DE XANEIRO DE 2015

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e nove de xaneiro de dous mil quince, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, a Corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros dona M^a Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocío Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta M^a Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; don Augusto Rey Moreno, don José Manuel Lemos Seoane, dona Margarita Iglesias Pais, don Jesús Bao Bouzas e dona María Luisa Sanjurjo Cacheiro, do PSdeG-PSOE; don Óscar Alfonso García Patiño, dona Elisa Pestonit Barreiros e dona M^a Eugenia Mantiñán Méndez, de UniónxCambre; don Luis Miguel Taibo Casás e dona M^a Olga Santos López, de EU; dona M^a Victoria Amor Prieto e don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; e don José Antonio Baamonde López, de Progresistas de Cambre, integrante do Grupo Mixto.

Non asiste, con escusa, don Manuel Marante Gómez, do Partido Galeguista Demócrata, integrante do Grupo Mixto.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral da Corporación.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, dos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2014 e á sesión extraordinaria e urxente do día 16 de outubro de 2014

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2014 e á sesión extraordinaria e urxente do día 16 de outubro de 2014.

Non se formulan alegacións polo que a Corporación, por unanimidade dos concelleiros que están hoxe presentes e que asistiron ás citadas sesións, dezanove concelleiros na sesión ordinaria do día 25 de setembro de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, tres concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, un concelleiro do BNG e o concelleiro de PdeC) e dezanove concelleiros na sesión extraordinaria e urxente do día 16 de outubro de 2014 (sete concelleiros do PP, cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, dous concelleiros de UxC, dous concelleiros de EU, dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC) aproba os citados borradores.

2. PARTE RESOLUTIVA

2.1. Proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores

Vista a proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo do día 23 de xaneiro de 2015, que consta do seguinte teor literal:

“Primeiro: Aprobar o expediente número 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2015 por importe de 6.787,09 euros, correspondentes ás seguintes facturas:

Núm. Factura	Data	NIF	Nome / Denominación social	Importe
Concepto factura				
016-2014	23/07/2014	34895296H	VALCUENDE RODRIGUEZ OSCAR	4.991,25
HONORARIOS REDACCIÓN PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN REHABILITACIÓN CASA ARRIGADA				
14042123	30/11/2014	A08950685	AIRBOX, S.A.	536,64
REVISIÓN ANUAL EQUIPOS RESPIRACIÓN POLICÍA LOCAL E SUBMINISTRACIÓN REPOSTOS MANÓMETRO				
95367542	12/12/2014	A28017895	EL CORTE INGLES S.A.	93,55
SUBMINISTRACIÓN LIBROS BIBLIOTECAS MUNICIPAIS				
878/A	19/12/2014	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	304,01
SERVIZO TRANSPORTE COLEXIO SIGRÁS A FRIOL E SOBRADO E REGRESO (11/12/14)				
896/A	19/12/2014	A15049943	AUTOMOVILES SIGRAS CARRAL, S.A.	147,84
SERVIZO TRANSPORTE COLEXIO PORTOFARO A MUSEO FENOSA E REGRESO (12/12/14)				
266 A/14	10/12/2014	32790055J	NOVO FREIRE MONICA	150,00
IMPARTICIÓN CHARLAS PREVENCIÓN ESCOLA DE PAIS E NAIS				
F001/4465	12/12/2014	32369829C	FERNANDEZ MELLA MARIA DEL CARMEN	50,00
SERVIZO RESTAURACIÓN EDUCACIÓN (2 MENÚS PAPA NOEL)				
4B61738 M	31/03/2014	A28011153	ZARDOYA OTIS, S.A.	477,50
SERVIZO MANTEMENTO ASCENSOR CENTRO SAÚDE CAMBRE: 1º TRIMESTRE 2014				
301/14	06/11/2014	B15531155	ALUMINIOS QUINTELA, S.L.	36,30
SUBSTITUCIÓN PERSIANA CENTRO MUNICIPAL FORMACIÓN				
Total				6.787,09

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía e Facenda do día 27 de xaneiro de 2015.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe, concelleira do PP, explica que é o primeiro expediente do 2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores, por importe de 6.787 euros, e correspóndese na súa maior parte, menos unha, a facturas que foron presentadas na última quincena do mes de decembro do 2014, e unha que se presentou no 2014, pero que era por un servizo prestado no ano 2013.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais, concelleira do PSdeG-PSOE, manifesta que ao seu grupo gustaríalle que se lles aclarara un pouco o concepto de proxecto básico e de execución de rehabilitación da Casa da Arrigada, o contido do proxecto, cal é o uso que se pensa dar á Casa da Arrigada nese proxecto, ou para que uso foi encargado.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, manifesta que se queren llelo explica el, porque foi el quen pediu ese proxecto. O proxecto fíxose para a rehabilitación, son obras, menos unha pequena parte que é para solucionar uns problemas de humidades que hai, porque a casa xa se rehabilitou no seu día. A maior parte do proxecto é para obras de accesibilidade e para acondicionamento do xardín que está pola parte de atrás, que dá á urbanización dos chalés acaroados, e para facer, dentro desas obras de accesibilidade, un acceso pola parte de atrás, para que as persoas con cadeira de rodas poidan entrar directamente dende o xardín e non dende a entrada principal, que dá a unhas escaleiras. O que se pretendía era facer o acceso pola parte de atrás e construír un ascensor para que as persoas con problemas de mobilidade puideran moverse libremente por dentro do edificio que ten tres plantas.

O obxectivo e o uso que se definiu nese proxecto é para utilizalo como biblioteca, porque como xa tiñan explicado, cre que o dixeron aquí neste pleno e tamén o dixeron publicamente, o obxectivo que tiñan e seguen tendo é trasladar a biblioteca central de Cambre para alí, co fin de poder ceder a parte superior do edificio onde está o centro de saúde ao Sergas, para unha futura ampliación dese centro de saúde. De feito, a parte do edificio que estaba sendo utilizado por Correos, e que Correos lle devolveu ao concello unha vez que se cambiaron de localización, xa a está utilizando o persoal do centro de saúde, cre que como almacén.

Conclúe dicindo que o obxectivo é ese, sacar a biblioteca dese centro e trasladala á Casa da Arrigada, para que unha vez quede libre a parte superior do centro de saúde o Sergas, cando considere oportuno, faga as obras de ampliación do centro de saúde.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que no grupo socialista están sorprendidos do contido do proxecto que lles aclarou o voceiro do PP que é para biblioteca, en primeiro lugar porque como el ben di tiveron noticias dese destino pola prensa. Algunha pregunta se lle fixo aquí no pleno, pero o Pleno tíñase pronunciado sobre o destino e afectación do uso dese ben a aula de estudo da natureza, e non tiveron coñecemento de nada, como Pleno, para pronunciarse sobre un cambio de uso. Ata o que ela sabe este Pleno votou que ese ben ía estar destinado a unha aula de interpretación da natureza e, en calquera caso, non a biblioteca.

Tamén se sorprenden de que se teña encargado o proxecto cando, polos datos que teñen dos veciños, aínda non contan co acordo da comunidade de veciños para realizar ese tipo de obras. Polo tanto, parécelles un pouco arriscado por parte do Goberno destinar xa fondos dos veciños a facer un proxecto para un uso sobre o cal o Pleno non se ten pronunciado, e sen contar co acordo dos veciños. Iso por un lado.

Por outro lado, non lle gustaría deixar pasar a ocasión de volver a tirarlles das orellas pola xestión das facturas. Non pode ser que estean ante a sétima, é verdade que é a primeira deste exercicio, pero é a sétima ou oitava vez que se trae un recoñecemento extraxudicial de obrigas. E non coa o de que se presentan tarde as facturas. É dicir, as facturas preséntanse algunhas a tempo e van dando voltas polos departamentos, algunhas quedan nalgún departamento, e iso si que é un defecto de xestión. Dilles que o miren, dende logo o seu grupo, por razón desa factura, vaise abster na votación.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre manifesta que simplemente sobre o proxecto, porque sobre as facturas xa falará a concelleira que trae a proposta, pero sobre esa factura e sobre ese proxecto en particular, a el o que lle gustaría é que coa mesma vehemencia que a concelleira socialista vén aquí, como di a tirarlles das orellas, esa mesma dedicación el lle pediría para que se informara sobre o asunto. Non é que non conten co permiso da comunidade de veciños para facer as obras, o que non contan é co acordo da comunidade de veciños para cederlles parte dos terreos, porque o concello pode iniciar, e de feito se non se fixo é porque necesitan unha partida un pouco máis grande para poder facer o ascensor, pero pode iniciar as obras no momento en que teña a partida orzamentaria, aínda que os veciños non queiran que se acceda dende os seus terreos. Ese non é o problema.

Entón, unha cousa é o que a comunidade de veciños está pedindo a cambio de ceder un anaco de terreo, que ese é o motivo do conflito, que a comunidade de veciños está pedindo algunha cousa a cambio. Recoñece que é normal que pidan cousas a cambio, pero outra cousa é que se poidan asumir esas cousas, ou polo menos que se poidan asumir politicamente ou que eles entendan que se poidan asumir. Di que esa é unha cousa e outra cousa é que a comunidade de veciños lle teña que dar permiso ao concello para iniciar unhas obras. A concelleira socialista dixo que non tiñan o permiso da comunidade de veciños para iniciar as obras, iso foi o que dixo, tal cal, e el quere aclararlle simplemente iso, o concello non necesita o permiso da comunidade de veciños para actuar nun edificio seu, nin nun terreo seu, de feito a previsión é que o fagan. Outra cousa é que a comunidade de veciños non estea de acordo con que o acceso se faga pola parte de arriba, e iso é lexítimo, porque é terreo da

comunidade de veciños, e eles decidirán se queren cedelo ou non queren, pero reitera que as obras non teñen nada que ver con que eles cedan un terreo e se faga un acceso a maiores do que estaba previsto.

Concedida a palabra a dona Marta M^a Vázquez Golpe manifesta que é a segunda vez que a concelleira do Partido Socialista afirma que estes expedientes de recoñecemento de obrigas se deben a unha mala xestión. Ela volve repetir, volverán a traer a pleno todo e canto expediente de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores teñan nas mans por facturas que se presentan fóra de prazo. É falso que as facturas queden nos departamentos e que se veñan traendo nestes expedientes. Se ela revisa os expedientes anteriores, verá que todas as facturas, cada unha delas, débense a que se teñen presentado tarde, que é cando se traen, ou ben a que poden ter algún reparo ou non conformidade dos servizos técnicos, como ocorre nalgúns casos de recibos da luz e da auga.

Conclúe dicindo que volverán seguir traendo, sempre que teñan facturas presentadas polos provedores fóra de prazo, estes expedientes, para que os provedores poidan cobrar no menor tempo posible.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que primeiro gustaríalle facer dúas preguntas. Unha que procedemento se seguiu para contratar a ese señor, e por que se contratou a ese señor para facer o proxecto. E a outra, se teñen o orzamento para acometer esa obra.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que o procedemento fíxose a través dun vale de pedido, porque non superaba a cantidade estipulada nas bases de execución do orzamento prorrogado polo Pleno da Corporación. É a forma na que habitualmente se contratan as obras, servizos e subministracións de importe inferior a 5.000 euros máis IVE, que é o caso. En canto ao orzamento da obra cre que son 130.000 euros, máis ou menos.

Don Óscar Alfonso García Patiño pregunta se teñen o orzamento para facer a obra.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que teñen unha partida nos orzamentos de 90.000 euros, porque se orzamentaron contando con que ían conseguir o acordo da comunidade de veciños para facer o acceso pola parte de arriba. Ían facelo en dúas fases, primeiro o acceso a través dos terreos da comunidade de veciños e, unha vez feito iso, nunha segunda fase instalaríase o ascensor. Como iso non pode ser, e hai que facer o ascensor, teñen que elevar a partida orzamentaria dos 90.000 aos 100.000 euros que teñen agora, e hai que subila a 130.000 euros para poder facer a obra completa.

Conclúe dicindo que entón si, que teñen que agardar á aprobación dos novos orzamentos para poder facer a obra, se é o que está preguntando.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño dá as grazas por acabar dicindo o que tiña que ter dito dende o principio, hai que agardar aos novos orzamentos para acometer esa obra e, polo tanto, ese proxecto tampouco era tan necesario.

Primeiro dicir que o procedemento é a dedo, directamente é a dedo. Como é menor de 5.000 euros, el dállo a dedo á persoa que lle interesa ao Goberno que redacte ese proxecto, porque non dixo que tivera ningunha outra razón pola que darllo. Ao igual que no pleno de abril cando o Sr. concelleiro tamén trouxo, da mesma persoa, cunha empresa que se chama Ecozertum Consulting, S.L., unha factura tamén de 5.142,50 euros. A esa persoa, se ben diso non está tan seguro, pero segundo o arquitecto municipal lle dixo esta mañá por teléfono, cre que tamén se lle deu a cuberta do Portofaro, e esa persoa está vinculada ao Sr. Felipe Andreu directamente, en canto que formaban parte os dous da Asociación de novos empresarios da Coruña.

Conclúe dicindo que é sospeitoso que traian isto agora, acabando unha lexislatura, cando non teñen o diñeiro para executar ese proxecto, e que el lle dea, reiteradamente, obras aos seus amigos. UxC vai votar en contra se non retiran esa factura da proposta.

Solicita a palabra don Felipe Andreu Barallobre máis que nada porque acaban de facerlle unha acusación e gustaríalle contestar se pode.

O Sr. alcalde dálle a palabra.

Don Felipe Andreu Barallobre manifesta que lle gustaría que se volviera informar, e dille que se ten algunha sospeita, en vez de dicilo aquí en público, porque é de bastante covarde dicir as cousas en público antes de denuncialas, non é a forma de proceder dunha persoa responsable, se el ten unha sospeita, dille que a denuncie e, unha vez que a denuncie, que veña aquí e o anuncie. Logo el actuará en consecuencia, por suposto, máis que nada porque o Sr. voceiro de UxC está metendo a pata, porque a cuberta do Portofaro non a contratou el, esa non é unha obra nin un proxecto que teña contratado el. Que el teña formado no seu momento, durante seis meses, porque foron seis meses, parte da xunta directiva da Asociación de novos empresarios, non quere dicir que el teña algún tipo de vinculación, nin nada parecido, cun arquitecto de prestixio, porque é de prestixio, aí está o seu traballo, é un arquitecto como calquera outro.

O procedemento para contratar, o procedemento legal é o aprobado nas bases de execución do orzamento. Aquelas obras, servizos e subministracións de menos de 5.000 euros, contrátanse mediante vale de pedido. Se o Sr. concelleiro ten algún reparo a esa cuestión, el dille que é moito máis garantista do que di a lei, porque a lei pon o límite en 18.000 euros para os servizos e subministracións, e en 50.000 para as obras. O Goberno municipal autoimpúxose que en vez de 50.000 para as obras sexan 5.000. Dille que se figure se está dicindo cousas que non teñen demasiado sentido. El reitéralle que é o procedemento que está previsto neste concello, e cre que calquera veciño pode entender que se para comprar un paquete de bolígrafos tiveran que facer un expediente de contratación e tardar dous meses, iso podería ser un problema bastante serio para o funcionamento do concello.

Conclúe dicindo que se o Sr. García Patiño non quere comprendelo, ou quere ou ten algunha sospeita, el o que lle suxire é que vaia ao xulgado, que o denuncie, e despois xa actuará en consecuencia, pero pídelo que non verta aquí acusacións sobre que pode pasar calquera cousa, dille que non, que el animalle a que o faga.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que covarde é agachar as cousas ou dar malas informacións. El simplemente está dicindo que esa factura é de 4.991,25 euros, casualmente non chega aos 5.000, e a do pleno de abril pasaba, eran 5.142,50, en abril do 2014. Simplemente son datos obxectivos, nada máis, non é nada de ser covardes ou non ser covardes. E se tivera algún indicio de que o Sr. Andreu está cometendo algún delito, dille que non dubide de que dende logo iría ao xulgado directamente, non iría á Fiscalía con falsas acusacións, para logo, cando lle piden documentación, non entregala. Dille que non é o caso, non é así.

Continúa dicindo que o Sr. Andreu dixo que é un arquitecto de recoñecido prestixio. El non o dubida, pero dille que xa que o dá a dedo, el pode presentarlle ou pode pasarlle un montón de arquitectos de recoñecido prestixio de Cambre. A UxC gustaríalle, polo menos, xa que o Goberno pode, non o nega, dar a dedo, que o fixeran con profesionais tamén de recoñecido prestixio de Cambre. Simplemente é unha apreciación.

Por outra parte, o tema deste proxecto. Hai que recoñecerlle aos compañeiros de EU, porque foi o Goberno, e precisamente o Sr. Andreu, nunha xunta de voceiros, quen lles pediu aos voceiros ideas do que podían facer con Arrigada, e os únicos que achegaron algo no seu momento foron os compañeiros de EU, proposta que logo trouxeron a pleno e que se aprobou en pleno. Pero o Goberno, as decisións que se toman en pleno por maioría, as pasan directamente polo forro e fan o que lles dá a gana, e din, pois mira, vou contratar a esta persoa, que é

coñecido meu. Non cre que aí teña ningún tipo de sospeita, é coñecido seu. E din vou contratala por 4.991,25 e que faga un proxecto para arranxar un xardín e unha biblioteca o día de mañá, ou como foi na Barcala, por eses 5.142 euros, un local sen uso. Conclúe dicindo que simplemente son datos obxectivos e que cada un pense o que queira, a el resúltalle sospeitoso, e ademais non lle gusta que se tire o diñeiro da forma en que o están tirando.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que antes de comezar a súa intervención quere que quede constancia na acta desta sesión plenaria dunha declaración, segundo o establecido no artigo 130.1 letra d) do Regulamento orgánico municipal. En aplicación do dito artigo, ao remate desta sesión fará entrega á secretaria por escrito desta declaración para que conste literalmente en acta.

A Sra. concelleira comeza a dar lectura á seguinte declaración: “Eu, María Olga Santos López, concelleira do grupo municipal de EU de Cambre quero manifestar:

1.- O meu máis profundo agradecemento ás compañeiras e compañeiros de Corporación dos Socialistas de Cambre, de Unión por Cambre e do BNG,”

Neste punto intervén o Sr. alcalde quen lle pregunta á Sra. concelleira se iso está dentro da orde do día.

Dona M^a Olga Santos López contesta que isto está recollido no artigo 130.1 letra d).

O Sr. alcalde dille que el pregúntalle, porque están no punto proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores. Ese é o punto da orde do día, se ela vai falar dese punto, de acordo, senón, daralle intervención, pero ao final do pleno, se lle parece.

Dona M^a Olga Santos López pregunta en base a que ao final do pleno lle dá lugar a esta intervención.

O alcalde dille que ao final do pleno, que non teña problema, pero que están no punto de proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015. Pregúntalle se ten algo que ver con este expediente.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que lle gustaría que se pronunciara a secretaria, porque o Sr. alcalde di que é así, pero ela interpreta que pode facer esta declaración. El interpreta que non, por iso lle gustaría que se pronunciara a secretaria.

O Sr. alcalde reitera que están na parte resolutiva, na proposta de aprobación do expediente núm. 1/2015 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores.

Dona M^a Olga Santos López dille que o sabe.

O Sr. alcalde pregúntalle se ten algo que ver a súa intervención con este punto.

A concelleira de EU dille que non.

O Sr. alcalde dille que, entón, que discutan o punto e que despois el dálle a palabra para que ela lea a declaración que crea conveniente.

Dona M^a Olga Santos López pregunta en base a que artigo.

O Sr. alcalde pregúntalle se ela vai marcar a orde do día do pleno.

A concelleira de EU dille que non, que nin moito menos, que está facendo uso do dereito que lle asiste no artigo 130.1 d) do ROM. Non sabe se pode acollerse a ese artigo, e se non pode, evidentemente o fará cando poida.

O Sr. alcalde pídelle un momento mentres a secretaria da Corporación comproba o contido do artigo 130.1.

A Sra. secretaria manifesta que ese artigo refírese ás actas, e ante as dúbidas existentes sobre o artigo aplicable, dona M^a Olga Santos López expón que non hai problema, que o busca, que vai facer a súa intervención neste punto e que en canto o teña que llelo di de novo, porque cre que ten un baile de números, e co fin de non interromper o bo funcionamento do pleno, reitera que o busca e que despois xa fará mención á súa declaración.

Toma a palabra o Sr. alcalde para sinalar que el segue dicindo o mesmo, están no punto 2.1, na proposta de aprobación do expediente. Pregúntalle se vai falar do expediente ou vai falar da súa declaración.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que lle está dicindo que vai buscar o artigo e no momento en que encontre o artigo exacto, porque seguramente bailou algún número, volverán a este tema se el llo permite, non fai falta que estea á defensiva, ela quere facer unha declaración e hai un dereito que lle asiste a facelo. Encontrará o dereito e en canto o teña, se non lle importa, fará mención a el.

O Sr. alcalde responde que el non está á defensiva, que non se equivoque, que lle dará a palabra no momento oportuno. A continuación pregúntalle sobre o punto 2.1, a proposta de aprobación.

Dona M^a Olga Santos López manifesta que, respecto deste punto da orde do día, quería dicir que como vén sendo habitual contéstase neste salón de plenos ás preguntas que interesan, e ás que non interesan non se contesta. A compañeira socialista fixo unha pregunta expresa sobre que tipo de lexitimidade lles asiste para encargar un proxecto para un uso que é contrario á aprobación que no pleno se fixo da moción que presentou EU para o uso da Casa Arrigada como aula da natureza. E tamén, como dicía o compañeiro de UxC, estanse gastando 5.000 euros en encargar un proxecto destinado a un uso que non é o aprobado polo Pleno desta Corporación.

Por iso, insiste en que por favor se lles diga por que motivo e con base a que, e con que acordos, se modifica un uso que está acordado lexitimamente por esta Corporación.

Don Felipe Andreu Barallobre intervén para pedirle á secretaria que lle aclare á Corporación, se pode neste momento, quen ten a competencia para contratar un proxecto desas características, cun importe de 5.000 e pico euros, quen é o competente segundo a lei para contratalo.

A Sra. secretaria contesta que a lei non, que aí son as bases de execución e por iso cre que mellor é o Sr. interventor quen ten que contestar.

Don Felipe Andreu Barallobre pregunta ao Sr. interventor quen ten a competencia, segundo a Lei de bases de réxime local, para contratar un proxecto desas características.

O Sr. interventor contesta que pode ser competencia do alcalde ou, no seu caso, do concelleiro delegado.

Don Felipe Andreu Barallobre sinala que se é do alcalde ou do concelleiro delegado, a competencia é deles, non é de ninguén máis. El cre que o tema está suficientemente claro, outra cousa é que pase o que pasa aquí, e o que pasa aquí é que dende a oposición se quere gobernar como se dende a oposición se puideran quitar as competencias ao Sr. alcalde, pero é que o alcalde ten as competencias que di a lei, non as que di o Pleno que ten. Ten as que di a lei. Entón, se o alcalde ten competencia para contratar un proxecto, é o alcalde quen o pode contratar.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que ela non fixo esa pregunta, xa saben quen ten as competencias. A pregunta non é esa, insiste, pide que conteste á pregunta que lle fai, por que motivo non se lle outorga o uso acordado lexitimamente no pleno, o uso, non a competencia do proxecto.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que porque este Goberno considera que é prioritario darlle o uso de biblioteca e non o de aula da natureza, así é.

Dona M^a Olga Santos López sinala que a conclusión é que este Goberno se pasa polo arco do triunfo calquera moción e calquera acordo aprobado lexitimamente.

Don Felipe Andreu Barallobre dille que non, que iso non é, que o alcalde e o Goberno exercen as competencias que teñen atribuídas porque o di a lei, outra cousa é que o Pleno aquí tradicionalmente resolve cousas que non son da súa competencia. Pero el cre que iso o teñen todos claro, que o Pleno moitas veces resolve cousas que non son da súa competencia, pero se non son competencia do Pleno, evidentemente tampouco as pode executar o Pleno.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López manifesta que cando foi o tema da Casa da Arrigada, e ademais este tema levouno o seu compañeiro Luis, así que pídelle que a corrixa se se equivoca, quen invitou ao resto dos grupos a facer achegas foi o propio Goberno, porque estimaba que había que dotar á Casa da Arrigada dun determinado uso, e invitouse, se non é así insiste en que a corrixa quen estaba nesa reunión, a que fixeran propostas respecto do uso. EU propón o uso como aula da natureza e centro de interpretación do río Mero e, ata onde ela sabe, insiste en que lle corrixan, celebreuse por parte do Goberno, porque era un uso que lles parecía a todos moi ben.

Don Felipe Andreu Barallobre intervén para dicir que eles votaron en contra desa moción.

Dona M^a Olga Santos López dille que non fala da votación, fala dalgunha reunión na que se tratou, e preguntalle ao seu compañeiro Luis Taibo.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, explica que, efectivamente, nunha xunta de voceiros o grupo de goberno preguntoulles se querían presentar algunha proposta para a rehabilitación e uso da Casa da Arrigada. Díxoselles que podían presentar propostas, e o grupo de EU presentou un escrito, agora non sabe exactamente, pero cre que foi con quince propostas para a rehabilitación e uso da Casa da Arrigada, que se concretou nunha aula da natureza e centro de interpretación do río Mero. Nesa mesa foron felicitados por todos os grupos, incluído o Sr. alcalde, e tivo unha boa receptividade polo conxunto da Corporación, pensa el, e polo pobo de Cambre.

Di que o que pasa é que para este Goberno, cando estas cuestións as presenta a oposición, non son boas, e entón veñen dende o Goberno a emendar a plana cun proxecto, que eles non discuten que poida ser o sitio máis idóneo para a biblioteca, pero de momento aínda teñen que agardar moitísimo. Haberá que falar coa comunidade de veciños, haberá que ver se o Sergas vai habilitar esa planta para uso do centro de saúde, moitas cousas. O que pasa neste caso é que ao Goberno facíalle un pouco de dano que EU presentara unha moción para utilizar a Casa da Arrigada para o uso que estimaron que era máis conveniente. Di que hai bastantes diferenzas, sobre todo na opinión pública de Cambre, respecto de que se destine e vaia para alí a biblioteca, bastantes, entre outras cousas, como dicía antes o Sr. Andreu, porque non ten ascensor para unha boa mobilidade. Esa foi a historia, pero o propio Sr. alcalde, e o resto dos grupos, felicitaron ao grupo de EU pola súa proposta.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que pouco van dicir. Como están de acordo co Sr. Felipe Andreu en que este tema está suficientemente claro, van votar en contra.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que el vai manter o voto da comisión informativa do martes, e o seu voto vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona Margarita Iglesias Pais manifesta que por puntualizar algunhas cousas que o Sr. Andreu deixou enriba da mesa, aínda que despois el mesmo se desdixo cando contestou ao concelleiro de UxC. Quere que quede constancia de que o que ela dicía, ou as obxeccións que poñían para aprobar isto, viñan dadas polo feito de que o proxecto estaba destinado, ou contemplaba como único uso, o uso de biblioteca, cousa que o voceiro do PP recoñeceu cando contestou ao voceiro de UxC. En concreto dixo que o proxecto incluía o acceso a través dos terreos da comunidade, terreos que ela comentou que non tiña o acordo cos veciños para dispoñer deles, como el mesmo acaba de recoñecer na súa contestación a Óscar, dicindo que iso obrigaba a que o proxecto, que se ía executar en dúas fases, ía terse que executar doutra maneira. Di que queda claro que o que ela dicía era correcto.

Respecto das facturas presentadas todas no último trimestre, dille á concelleira de Economía que precisamente esta factura é de xullo, entón que non lle digan que todas, todas, son culpa do proveedor que as presenta tarde. Di que aclaren as cousas.

E por último, cre que o que aquí se discute, do que están falando aquí, non é dun tema de legalidade. É obvio que o concelleiro delegado ten as competencias para contratar, pero o que aquí están discutindo é un tema de lexitimidade. É un ben de carácter público deste concello e o Pleno decidiu, ten votado maioritariamente, e dálle igual que estea o grupo popular ou non, o Pleno é o Pleno, e o Pleno é un órgano colexiado e maioritariamente se pronuncia, e maioritariamente tense pronunciado a prol de destinar ese ben a un uso determinado, e eles iso non o respectaron.

Conclúe dicindo que estarían dispostos a falar dese uso se o trouxeran a pleno, pero é que ata día de hoxe non trouxeron a pleno a proposta de cambiar o uso, e como mínimo, por respecto ás decisións do Pleno, deberían tela traído antes de dispoñer do diñeiro dos veciños para facer ningún encargo.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre di que simplemente quere explicalo, porque parece que eles fan as cousas simplemente por amolar á oposición, e como aquí hai moitos veciños e algún xornalista aos que seguro que lles interesa moito saber os motivos polos que se encargou ese proxecto para trasladar a biblioteca a ese sitio, pois dilles que hai tres motivos. O primeiro é que a biblioteca central que teñen no Concello de Cambre non ten ningunha posibilidade de ter un acceso accesible, vaia a redundancia, é imposible, porque aínda que ese edificio é propiedade do concello, a planta baixa está cedida ao Sergas, onde fixeron as súas obras, e o concello non pode facer ningunha obra de accesibilidade para a planta superior. Ese é o primeiro motivo, unha persoa en cadeira de rodas non pode entrar na biblioteca central.

O segundo motivo é que o Concello de Cambre non deixa de crecer, está crescendo constantemente. Da mesma forma que a Xunta, o Sergas, se comprometeu a facer e está xa en licitación a construción do novo centro de saúde na parroquia do Temple, chegará un momento no que o centro de saúde de Cambre, que tamén presta servizo a Carral, vaise saturar. Pois para poder ter esa previsión e que despois non pase o que despois pasa, de colas, de esperas, e que o Sergas teña á súa disposición xa o edificio para poder facer a ampliación cando a necesite, eles anticipáanse e quitan a biblioteca de alí. O que pretenden é cederlle ese terreo ao Sergas, para que o Sergas, cando corresponda, dentro de dous anos, dentro de cinco anos, cando corresponda, poida facer as obras de ampliación do centro de saúde.

Terceiro punto. Teñen un edificio histórico en Cambre, e o Concello de Cambre ten moi pouco patrimonio histórico, moi pouco patrimonio. El lémbbralles que na lexislatura pasada o Goberno socialista pretendía construír un novo edificio para a Casa da Cultura, quería construílo aquí no centro de Cambre, despois resultou que ese proxecto, que debía estar xenial, prevía construír un edificio máis grande que a parcela que tiñan. E aí non

perderon 5.000 euros, perderon bastante máis diñeiro, diñeiro que perdeu o Concello de Cambre por ese proxecto que contratou o Goberno socialista. Porque é así, é unha realidade indubidable.

Segue dicindo que o obxectivo que tiveron durante toda a lexislatura foi intentar recuperar, dalgunha maneira, o patrimonio histórico que ten o Concello de Cambre. Fixérono con Vila Concepción, cambiando o proxecto de construír un novo edificio pola rehabilitación do edificio de Vila Concepción, e este obxectivo, o obxectivo de trasladar a biblioteca á Casa da Arrigada é para que os veciños, os veciños do Concello de Cambre, poidan facer uso dunha casa modernista de principios do século XX, que teñen catalogada, e que está sen uso, porque non ten ningún uso. Calquera veciño aí non pode entrar, porque non está aberta ao público, pero os concelleiros se queren poden ver o edificio por dentro e está terminado, está a obra feita e non ten ningún uso. E non o ten porque non se lle pode dar, porque cando se fixo esa obra non se previu que a ese sitio tiñan que entrar persoas con dificultades de mobilidade. E esa obra, cando se fixo, tamén a fixo o Goberno socialista, que non a fixeron eles.

Entón, eles están intentando solucionar eses tres problemas en beneficio dos veciños. E pregúntalles se saben por que lles interesa tanto, tanto, sacar a biblioteca. Di que a todos os veciños, incluídos os concelleiros, lles debería interesar sacar a biblioteca canto antes de alí, porque cada ano gastan case 100.000 euros en mantemento, case 100.000 euros que, no momento no que lle cedan o edificio de forma completa ao Sergas, o Concello de Cambre aforraría. É dicir, por unha obra que lles vai custar 130.000 euros, e que coas baixas, unha vez que se faga a contratación, lles sairá por menos, por 110.000 ou por 115.000 euros, oxalá que incluso lles puidera saír por menos, vanse aforrar cada ano 100.000 euros. É dicir, é unha obra que se vai amortizar ela soa, no primeiro ano está amortizada co aforro que van conseguir.

Conclúe dicíndolles que se a eles non lles parece iso unha cuestión prioritaria é a súa opinión e é lexítima, por suposto, pero a deste Goberno si que é, é a súa prioridade, é unha prioridade para eles e eles a fan. Pódese compartir ou non, pero que quede claro que todo o mundo, todos os veciños, os xornalistas, todo o mundo teña claro os motivos polos que se decidiu facer unha biblioteca e non un aula da natureza.

Dona Margarita Iglesias Pais solicita a palabra.

O Sr. alcalde pregúntalles que queren, que traen aquí un recoñecemento de facturas, non están discutindo o uso da Casa da Arrigada. Se teñen algo que engadir sobre o tema das facturas, dilles que o engadan, se é para discutir outro tema que non está nos puntos da orde do día, que llo digan e o discuten no capítulo de rogos e preguntas.

Dona Margarita Iglesias Pais pide unha cuestión de orde e pregunta por que razón ela non pode falar do uso e o Sr. alcalde lle acaba de permitir ao seu voceiro que faga toda unha explicación de sete ou oito minutos por riba do que pon o regulamento, que son cinco, por que razón.

O Sr. alcalde dille que non está no uso da palabra.

Dona Margarita Iglesias Pais indica que se trata dunha cuestión de orde, e que niso está amparada polo regulamento. Dille ao Sr. alcalde que el pode dirixir, pero ata certo límite, porque ela ten uns dereitos que aparecen establecidos no regulamento, e un deles é formular unha cuestión de orde, e a cuestión de orde é a seguinte, pregúntalle por que a ela lle aplica o regulamento centrándoa nun punto da orde do día, á súa maneira, e en cambio acaba de permitir ao seu voceiro que estea falando, dándolles unha explicación non pedida. Ninguén lle pediu iso, o que lle preguntaron era por que non respectaba o acordo do Pleno, porque todo o que acaba de explicar é o mesmo. Pregúntalle ao Sr. alcalde por que lle dá un trato diferenciado a un e outro representante do concello.

O Sr. alcalde respóndelle que porque ela foi a que fixo a pregunta, e o voceiro do grupo, o voceiro do Goberno, respondeulle á súa pregunta. Se ela se limitase exclusivamente, e di que a culpa é del mesmo por permitilo, se ela se limitara exclusivamente ao punto da orde do día, non terían esta discusión. Polo tanto, considera que as intervencións foron suficientes, que quedou aclarado o punto, e agora, se lle permite, pasan á votación.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP e o concelleiro de PdeC, e votan en contra os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por doce votos en contra, rexeitou a proposta presentada.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, quen manifesta que isto si é unha cuestión de orde, di que a el gustaríalle que algún dos habilitados nacionais asesoraran ao Pleno sobre a responsabilidade na que pode incurrir o concello por non aboar facturas de servizos que teñen sido prestados lexitimamente por distintos provedores.

O Sr. interventor explica que o rexeitamento dun recoñecemento extraxudicial obrigará a un recoñecemento xudicial das obrigas. A eses provedores obrigaráselles a acudir aos tribunais co fin de que se lles pague.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o que están en contra é deste recoñecemento de obrigas na forma na que se propón por parte do Goberno, iso que quede moi claro, tense incluído unha factura que se non se tivera incluído, non terían chegado a esta conclusión. Entón, pídelles que non intenten amedrentar aos grupos da oposición. Di que saben cales son as súas responsabilidades e onde poden chegar, ao que ten que acostumarse o Goberno é a presentar os problemas ao Pleno en condicións, para que non se produzan estas circunstancias, e iso é o que queren manifestar.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que aquí hai unha proposta dun grupo da oposición que lle dixo ao Sr. alcalde que se retiraban esa factura, que non votarían en contra. Dille que retiren esa factura.

O Sr. alcalde chama á orde aos concelleiros e a continuación dille ao Sr. Taibo que a proposta vén como vén ao pleno. Quen a trae é a concelleira de Economía e Facenda e como tal a proposta vén ao pleno, eles votaron en contra, e quedou rexeitada a proposta por doce votos en contra e oito a prol.

2.2. Aprobación inicial, se procede, da Ordenanza reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos

Vista o informe-proposta do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, co conforme da concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente de data 18 de decembro de 2014.

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Obras, Servizos e Urbanismo do día 22 de decembro de 2014.

Concedida a palabra a dona Rocío Vila Díaz, concelleira do PP, explica que volven traer a pleno esta ordenanza, unha vez que no pleno do mes pasado xurdiron unha serie de dúbidas que se intentaron aclarar nunha reunión que se mantivo con todos os voceiros da oposición, coa concelleira que lles fala e co técnico que redactou a ordenanza. Cre que foron aclaradas e non sabe se hai algunha dúbida máis, ou se a someten a votación.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que o documento que traen hoxe a votación é un documento que ten sido elaborado polos servizos técnicos municipais. Hai que

agradecer o traballo realizado, cren que é un gran adianto ante o baleiro que existía na legalidade á hora de facilitar por unha parte o que é a obtención da posibilidade de realizar pequenas obras de reforma, tanto en vivendas como en edificios, e tamén o que é en clave de acelerar o exercicio de novas actividades, así como a apertura de establecementos.

Con independencia de que tal e como se lles comunicou parece que a Xunta está a redactar unha ordenanza no mesmo sentido, non consideran que sexa a súa competencia, porque a legalidade establece que é cada concello quen ten que redactar e aprobar este documento. Cren que é un paso adiante que vai facilitar, como dixo, ese tipo de necesidades dos veciños en apertura de establecementos e novas actividades e tamén na realización de pequenas obras en comunidades de propietarios e en vivendas particulares e, polo tanto, o seu voto vai ser a prol. Agardan que a súa posta en marcha sexa o máis rápida posible e, dende logo, ir vendo se existe algún problema na súa vida e en como se lle formula aos veciños a aplicación desta ordenanza, vendo a posibilidade de adoptar as medidas de reforma que sexan pertinentes, e tamén en función do que a Xunta de Galicia estableza en canto a isto.

Conclúe dicindo que o seu voto vai ser a prol.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que non parece que o Sr. alcalde queira chegar ao fondo dos problemas dos veciños. Limitase a dar unha man de pintura e inténtao vender. No ano 2013 púxose de manifesto que hai un gravísimo problema de legalidade nas actividades que se atopan abertas. Só no polígono do Espírito Santo o 62% das que están funcionando están definidas polo xefe de Urbanismo, non o di UxC, como clandestinas e ilegais. Ante ese panorama o Sr. alcalde responde coa modificación dunha ordenanza que, como pasou co Catastro, nin é absolutamente necesaria, nin obrigatoria.

Hai unhas semanas solicitaron unha serie de informes que ao seu entender son determinantes á hora de facer esta ordenanza. A resposta, ningunha. O dito, o Sr. alcalde practica a política da maquillaxe, foto con Feijoo, foto con Diego como chama cariñosamente ao presidente da Deputación, foto de que me quito o bigote, foto, foto, foto, e moitas desas fotos incluso como presidente do polígono de Sabón, lamentablemente para os intereses dos veciños de Cambre.

Dille ao Sr. alcalde que se non quere entrar a resolver o verdadeiro problema das actividades deste concello, que non conte con eles, que siga dando outra man de pintura e deixe que podreza por dentro o asunto.

Adiántalle que, de ser aprobada esta ordenanza, UxC no período de exposición fará as alegacións pertinentes en defensa dos intereses dos veciños de Cambre, e di isto porque a pesar de que son conscientes de que se necesita unha ordenanza, ao seu entender non defende os intereses dos veciños como debería defendelos, nin é a forma na que a tramitarían, polo tanto, o seu voto vai ser de abstención. Por certo, pregúntalle se ten pensado responder ás súas peticións por escrito. Hai varias peticións que non se lles teñen contestado ao longo do tempo. Algunhas, como teñen dito tamén en prensa, tiveron que recorrer ao Valedor do Pobo a ver se lles contestan, porque lémbrales que é o seu dereito ter a información para poder facer o seu labor.

Tamén ten que preguntarlle se teñen pensado executar os acordos plenarios, ou polo menos, por respecto, consultar e traer a pleno os cambios deses acordos, como pasou no punto anterior. Di isto porque ás veces un pensa que fan aquí, porque os rogos e preguntas poden facerlos directamente por Rexistro. Se non lles van contestar ou vanlles mentir, dá exactamente igual. Se veñen aquí, votan unha moción e resulta que fan o que lles dá a gana, pois realmente un ten que preguntarse que están facendo aquí.

Polo tanto, dille que teña a ben contestarlles se ten pensado responder ás peticións que lle fai UxC por Rexistro, que as teñen de hai 5 meses, 6 meses, 9 meses, pendentos de que lles contesten. Esta en particular que di de Urbanismo é porque a presentaron o mesmo día que tiveron a reunión coa concelleira e co técnico municipal que redactou a ordenanza, que lles explicou moi ben como a redactou. Non dubidan da súa legalidade, faltaría máis,

pero si que pensan que dentro dunha ordenanza se pode defender doutra forma aos cidadáns e non da forma que se está facendo. Ese mesmo día dixéronlles que era necesario e urxente que lles contestaran a catro aspectos aos que aínda están agardando que se lles conteste, polo tanto, reitera que vanse abster.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que este foi un tema que quedou enriba da mesa no pleno de decembro por algunhas dúbidas que xurdiron, e que posteriormente nunha reunión co técnico e coa concelleira responsable se lles clarificaron, polo menos ao seu grupo quedoulle bastante claro o que significaba esta ordenanza. Eles neste caso van manter o voto de abstención da comisión informativa, considerando que este documento para eles debe e vai contribuír a dar un paso máis á tramitación de distintos expedientes e facilitar aos veciños de Cambre a xestión deses expedientes. Polo tanto, vanse abster.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, manifesta que o seu grupo vaise abster neste punto, pero é unha abstención cun claro propósito de darlle para adiante a unha norma que entenden positiva. Recoñecen publicamente a vontade de diálogo do Goberno retirando este asunto da orde do día do pleno do pasado mes de decembro, e mantendo ao cabo deste mes a reunión preceptiva co responsable técnico e autor do texto, e si un pouco lamentan e súmanse un pouco á queixa que manifestou Óscar García Patiño, voceiro de UxC, que non se respondan ás preguntas, que non se lles dea cumprida resposta ás súas lóxicas demandas como grupo da oposición, porque iso seguramente permitiría que hoxe todos puideran votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que o seu voto vai ser favorable.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE e o concelleiro de PdeC, integrante do GM. Abstéñense os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU e os dous concelleiros do BNG.

A Corporación, por trece votos a prol, acordou:

Primeiro: Aprobar inicialmente a Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos, que literalmente a continuación se transcribe:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DOS PROCEDEMENTOS DE INTERVENCIÓN ADMINISTRATIVA NOS ACTOS DE USO DO SOLO E DO SUBSOLO E NO EXERCICIO DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior e a Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, que incorpora ao Dereito español aquela, pretenden facilitar a liberdade de establecementos dos prestadores e a libre prestación de servizos simplificando os procedementos.

Así mesmo, a Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio modifica o artigo 84 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, engadindo aos sistemas clásicos de intervención na actividade dos cidadáns por parte das entidades locais o da comunicación previa ou declaración responsable e o sometemento ao control posterior ao inicio da actividade.

Por iso o Real Decreto 2009/2009, do 23 de decembro, modifica o Regulamento de servizos das corporacións locais de 1955 de forma que o seu artigo 22.1 que suxeitaba a licenza a apertura de establecementos industriais e mercantís queda redactado da seguinte forma: “A apertura de establecementos industriais e mercantís poderá suxeitarse aos medios de intervención municipal, nos termos previstos na lexislación básica en materia de réxime local e na Lei 17/2009, sobre o libre

acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio”. Iso obedece á necesidade de adecuar o contido deste Regulamento ao novo réxime que introduce a comunicación previa ou a declaración responsable como mecanismo ordinario de intervención no ámbito local xunto ás licenzas.

Posteriormente, a Lei 2/2011, do 4 de marzo, de economía sostible, volve a modificar a Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, engadíndolle un novo artigo 84.bis que establece que “con carácter xeral, o exercicio de actividades non se someterá á obtención de licenza ou outro medio de control preventivo”, se ben mantén este mesmo control previo para aquelas actividades que afecten á protección do medio ambiente ou do patrimonio histórico artístico, a seguridade ou a saúde pública ou que impliquen o uso privativo e ocupación dos bens de dominio público.

Así pois, foi preciso establecer e regular os procedementos para estes novos medios de intervención administrativa cunha ordenanza municipal e determinar as actividades que quedarían excluídas destes mecanismos de control que con carácter xeral se establecen no artigo 84.bis da Lei de bases do réxime local para as actividades.

Este foi o obxectivo precisamente da Ordenanza municipal reguladora do exercicio de actividades e da apertura de establecementos aprobada por esta Corporación e publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 107, do 7 de xuño de 2012.

Non obstante, despois dos últimos cambios normativos producidos, tanto na lexislación estatal como na autonómica, dita ordenanza xa resulta obsoleta e insuficiente para atender ao novo réxime xurídico das actividades e da apertura de establecementos.

Así, a Lei estatal 12/2012, do 26 de decembro, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos elimina, por un lado, todos os supostos de autorización ou licenza municipal previa motivados na protección do medio ambiente, da seguridade ou da saúde públicas ligados a establecementos comerciais e outros que se detallan no seu anexo de menos de 300 m² de superficie, e, por outro lado, estende esta “flexibilización” tamén ás obras ligadas ao acondicionamento destes locais que non requiran da redacción dun proxecto de obra de conformidade coa Lei 38/1999, de ordenación da edificación, como así sinala o artigo 3 da mesma.

Posteriormente, e nesta mesma liña de control administrativo a posteriori, é determinante a Lei autonómica 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade de Galicia que vén establecer un marco moito máis amplo para o exercicio de actividades sen licenza previa e para a execución de actos de uso do solo e do subsolo sen control a priori, modificando para iso a Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Esta última lei vén establecer un novo réxime xurídico para Galicia no que ao exercicio de actividades e realización de obras se refire, de tal maneira que para unhas e para outras establece como réxime xeral de control o da comunicación previa, deixando para supostos excepcionais de espectáculos públicos e actividades recreativas o outorgamento de licenzas de actividade e reducindo os actos do uso do solo e subsolo que requiren de previa licenza municipal, como o demostra a nova redacción que dá ao artigo 194-2 da Lei 9/2002.

Neste novo contexto faise pois necesario crear un novo marco xurídico municipal que dea resposta e desenvolvemento ao novo réxime das comunicacións previas tanto en obras como en actividades. Isto é un dos obxectivos da presente Ordenanza municipal, dando así resposta ao artigo 25 da Lei 9/2013, ao artigo 194-8 da Lei 9/2002 na súa nova redacción, ao artigo 5 da Lei 12/2012 e ao artigo 28-2 da Lei 13/2010, do comercio interior de Galicia, na redacción dada pola citada Lei 9/2013, que veñen requirir dos concellos o establecemento e a planificación dos procedementos de comunicación necesarios, así como os de verificación posterior dos requisitos precisos e dos elementos e circunstancias postas de manifesto polo interesado a través da comunicación previa.

Sendo este obxectivo xa de seu importante, esta Ordenanza tamén pretende regular os procedementos de intervención a priori, é dicir os supostos nos que se requira licenza municipal tanto para os actos de uso do solo e do subsolo como para o exercicio de actividades, que aínda que menores en número non por iso son menos importantes. Desta maneira o que se pretende é que dunha maneira integral, nun mesmo texto normativo municipal, se teñan regulados dentro das competencias dun concello todos os procedementos de intervención administrativa, tanto para os actos de uso do solo e subsolo, as chamadas “obras”, como para o exercicio de actividades e apertura de establecementos. Isto redundará en beneficio dunha maior claridade e seguridade xurídica, tendo en conta a interrelación que en numerosas ocasións se dá entre as obras e as actividades que se refiren a unha mesma actuación cando ademais poden estar sometidas as primeiras a licenza e as segundas a comunicación previa ou viceversa.

A Ordenanza estrutúrase en cinco Títulos divididos á súa vez en Capítulos e estes, de ser o caso, en Seccións.

O Título I leva como epígrafe Disposicións Xerais e o seu contido é determinar o obxecto, os distintos réximes existentes e as normas comúns a todos eles.

O Título II refírese aos distintos actos de uso do solo e do subsolo ou obras, xa sometidos a licenza (Capítulo I) xa sometidos ao réxime de comunicación previa (Capítulo II).

O Título III regula os procedementos para as actividades e apertura de establecementos, xa sometidas ao réxime de comunicación previa (Capítulo I) xa sometidas ao réxime de licenza (Capítulo II).

O Título IV regula o procedemento de control posterior tanto sobre obras como sobre actividades.

E o Título V refírese á reposición da legalidade e ao réxime sancionador.

Completa a súa regulación con dúas Disposicións Adicionais, unha Transitoria, unha Derrogatoria e outra Final.

E acompáñase de distintos Anexos que conteñen os modelos normalizados tanto de licenzas como de comunicacións previas coa documentación que deberá de achegarse con eles.

TÍTULO I DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Obxecto

1. A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación dos procedementos de intervención, control da legalidade e inspección municipais dos actos de uso do solo e subsolo de natureza urbanística e das actividades que se implanten e desenvolvan no termo municipal de Cambre.

2. Exclúense do ámbito de aplicación desta Ordenanza as actividades de venda ambulante que se rexerán pola súa respectiva ordenanza municipal.

Artigo 2. Réxime

1. Os actos de uso do solo e do subsolo quedan sometidos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa, agás naqueles casos en que esta Ordenanza ou a lexislación en vigor requiran que se solicite e obteña unha licenza municipal previa.

2. A implantación e desenvolvemento de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos estarán suxeitos á presentación dunha comunicación previa no Concello de Cambre, agás naqueles casos en que esta Ordenanza ou a lexislación en vigor requiran que se solicite e obteña unha licenza de apertura ou de actividade municipal previa.

3. Naqueles casos en que a actuación pretendida requira dalgunha autorización, cualificación ou informe favorable doutra administración pública distinta da municipal, esixible pola lexislación sectorial de aplicación, a comunicación previa ou o outorgamento da licenza municipal requirirá a previa emisión e incorporación ao expediente de dita autorización, cualificación ou informe.

Artigo 3. Definicións

1. Nos termos da lexislación vixente e para os efectos desta Ordenanza enténdese por:

- 1) Licenza: acto administrativo regrado polo que o órgano municipal competente, tras a comprobación do cumprimento das condicións establecidas pola normativa de aplicación, autoriza actos de uso do solo e/ou do subsolo ou o exercicio de actividades e/ou apertura de establecementos.

- 2) Comunicación previa: documento mediante o que os interesados poñen en coñecemento do Concello de Cambre os seus datos identificativos e demais requisitos esixibles para o exercicio dun dereito ou o inicio dunha actividade, de acordo co establecido nos artigos 70.1 e 71 bis.2 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ao que acompañarán a documentación acreditativa do cumprimento da normativa que resulte de aplicación.

2. As licenzas ou comunicacións previas recibirán o nome de “urbanísticas” cando teñan por obxecto actos de ocupación, edificación e uso do solo e do subsolo e de “actividade” cando teñan por obxecto a instalación e o exercicio de calquera actividade comercial, industrial, profesional, económica ou de servizos.

Artigo 4. Obras e actividades de particulares en terreos de dominio público

1. Cando se pretendan realizar por particulares actos de uso do solo e do subsolo ou actividades en terreos de dominio público que non sexa municipal, esixirase igualmente licenza ou comunicación previa independentemente das autorizacións ou concesións que sexa pertinente outorgar por parte da administración titular do dominio público.

Estas autorizacións ou concesións deberán acompañar á solicitude de licenza municipal ou á comunicación previa que, de ser o caso, se presente e serán necesarias para que estas se poidan tramitar ou producir efectos.

2. Cando se pretendan realizar actos de uso do solo e do subsolo ou actividades en terreos de dominio público municipal e estivesen suxeitos a concesión administrativa, se no procedemento de outorgamento desta concesión se tivese constatado a adecuación do proxecto á normativa urbanística e sectorial de aplicación, as licenzas urbanísticas e de actividade e os efectos das comunicacións previas entenderanse concedidas e producidos, respectivamente, coa propia resolución que outorgue a concesión administrativa.

3. Cando os actos de uso do solo e do subsolo e as actividades pretendidas en dominio público municipal impliquen un uso común especial sometido a licenza ou autorización municipal segundo o Regulamento de bens das entidades locais, o outorgamento da licenza urbanística ou de actividade implicará a concesión da licenza ou autorización para a ocupación do dominio público.

Se os actos de uso do solo e do subsolo ou actividades a realizar en dominio público municipal están sometidos ao réxime de comunicación previa, terase que solicitar licenza para usar o dito dominio público á que se achegará a documentación que precise a comunicación previa da que se trate, de tal xeito que se esta se adecúa á normativa urbanística e sectorial de aplicación a concesión da licenza demanial producirá os mesmos efectos que a presentación das comunicacións previas. Esta solicitude de licenza para o uso do dominio público municipal non será necesaria cando as obras que se comunican, na parte que afecta ao dito dominio, son realizadas por empresas municipais ou adxudicatarias de servizos municipais.

Artigo 5. Erro na cualificación do escrito presentado

1. O erro na cualificación do escrito presentado pola persoa interesada sobre a elección do procedemento de sometemento a licenza ou de comunicación previa non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que do seu contido se deduza o seu verdadeiro carácter. O Concello notificará ao interesado sobre tal circunstancia e, de ser o caso, requirirá a documentación que sexa precisa para a continuación do procedemento que corresponda.

2. Cando a persoa interesada presentase no Concello unha comunicación previa, sendo o réxime aplicable o da licenza, advertiráselle que non poderá efectuar a obra ou iniciar a actividade ata que obteña a preceptiva licenza. Se iniciase a obra ou a actividade requiriráselle para que proceda de inmediato á súa paralización coas advertencias propias dos procedementos de reposición da legalidade urbanística.

3. Cando a persoa interesada solicitase ante o Concello unha licenza cando o réxime aplicable é o da comunicación previa, notificaráselle para sinalarlle tal feito e para que presente, de ser o caso, a documentación correspondente, non podendo iniciar a obra ou desenvolver a actividade en tanto non presente a mencionada documentación.

Artigo 6. Consulta previa

1. Os particulares poderán presentar solicitudes de consulta previa do réxime e das condicións urbanísticas aplicables a unha finca determinada, edificación ou local, así como dos actos de uso do solo e subsolo, actividades permitidas e do procedemento de tramitación aplicable para a actuación de que se trate.

Igualmente poderase formular consulta por escrito sobre unha iniciativa de actividade ou obra concreta, que se acompañará dunha memoria descritiva ou dos datos suficientes que definan as características xerais da actividade proxectada e do inmovible no que se pretenda levar a cabo ou da obra que se pretende executar.

2. Nos casos de consultas relativas a unha parcela ou edificación a solicitude deberá vir acompañada da súa referencia catastral para a súa correcta identificación.

3. Sobre a consulta formulada emitirase informe pola Área de Urbanismo que sinalará a clase e cualificación do solo que corresponda á finca, polígono ou sector de que se trate, os usos e intensidades que teñan atribuídos polo planeamento, os parámetros urbanísticos que sexan de aplicación e, de ser o caso, os requisitos esixidos e a documentación a achegar para a execución dunha obra, apertura dun establecemento ou inicio dunha actividade.

4. A consulta será contestada nun prazo máximo dun mes, unha vez presentada no rexistro municipal a solicitude.

5. O sentido da resposta ás consultas formuladas no terá carácter vinculante para a administración.

Artigo 7. Actos non suxeitos a licenza ou comunicación previa

Non será esixible licenza ou comunicación previa nos seguintes supostos:

- As parcelacións urbanísticas e calquera acto de división de parcelas efectuadas a través de proxectos de compensación, reparcelación, equidistribución ou normalización de predios.
- A demolición de construcións declaradas en ruína a través do pertinente expediente contradictorio, sen prexuízo da redacción dun proxecto técnico para a súa execución se a entidade das obras de demolición o require.
- As obras de apuntalamiento e outras medidas de seguridade urxentes, cando sexan precisas.
- As obras derivadas dunha orde de execución, salvo que pola entidade das obras se esixa solicitude de licenza ou presentación de comunicación previa acompañadas do correspondente proxecto técnico.
- As obras derivadas de resolucións recaídas en expedientes de reposición da legalidade urbanística que non impliquen demolición total ou parcial.
- As obras de urbanización previstas nos proxectos de urbanización.
- As actuacións urbanísticas promovidas polo Concello de Cambre no seu termo municipal que se entenderán autorizadas polo acordo de aprobación do proxecto logo da acreditación no expediente do cumprimento da normativa de aplicación.
- As obras públicas eximidas expresamente pola lexislación sectorial ou de ordenación do territorio.

Artigo 8. Situacións xurídicas privadas

As licenzas e as comunicacións previas producirán efectos entre o Concello e o suxeito a cuxa actuación se refiran, pero non alterarán as situacións xurídicas privadas entre este e as demais persoas.

O título habilitante que supón a concesión dunha licenza ou unha comunicación previa para a realización dunha obra ou o exercicio dunha actividade entenderase outorgado deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros.

TÍTULO II
LICENZAS E COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS

CAPÍTULO I
LICENZAS URBANÍSTICAS

Sección 1ª. Actos suxeitos e réxime xurídico das licenzas

Artigo 9. Actos suxeitos a licenza

Estarán suxeitos a licenza municipal previa os actos de ocupación, construción, edificación e uso do solo e do subsolo seguintes:

- a) As obras de edificación de nova construción, agás aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha soa planta.
- b) As intervencións de carácter total sobre os edificios existentes ou as parciais que produzan unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría ou o conxunto do sistema estrutural, ou teñan por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.
- c) As intervencións en edificios declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
- d) As demolicións.
- e) Os muros de contención de terras.
- f) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
- g) As parcelacións, segregacións e outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de compensación ou reparcelación.
- h) A primeira ocupación dos edificios.
- i) A localización de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.
- j) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística entendendo por estes aqueles terreos incluídos nos ámbitos de Solo Urbanizable ou Apto para Urbanizar, de Solo Urbano Non Consolidado ou de Solo de Núcleo Rural sometido a actuación de carácter integral.
- k) Calquera outro acto que se sinale a través dunha disposición legal.

Artigo 10. Finalidade das licenzas urbanísticas

1. A licenza urbanística ten por finalidade comprobar que os actos relacionados no artigo anterior se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, se o aproveitamento proxectado se axusta ao susceptible de apropiación e se as obras e usos proxectados reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade, habitabilidade e accesibilidade.
2. Non se poderá iniciar a execución das obras ou dos actos pretendidos en tanto non se obteña a preceptiva licenza.

Artigo 11. Alcance do control municipal

A intervención municipal a través da licenza urbanística non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, sendo responsabilidade en exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa construtora ou instaladora.

Sección 2ª. Procedemento para o outorgamento de licenzas urbanísticas

Artigo 12. Solicitude de licenza

1. Os procedementos de tramitación das distintas licenzas urbanísticas iniciaranse mediante solicitudes cuxos modelos oficiais se incorporan como Anexos a esta Ordenanza.

A estas solicitudes acompañarase a documentación correspondente en cada caso que se relaciona igualmente nos Anexos desta Ordenanza.

2. A presentación das solicitudes e documentación requirida deberá efectuarse a través de calquera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 da Lei 30/92, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou telematicamente a través da sede electrónica municipal.

Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel o proxecto técnico que se achegue, se é que este fose necesario, terase que presentar tamén e en todo caso nun soporte dixital en formato PDF.

3. No acto de presentación da solicitude os servizos municipais verificarán a integridade da documentación achegada dende o punto de vista formal comprobando se esta é a esixida, sen analizar ou valorar o seu contido.

4. Cando se precise para a solicitude de licenza proxecto técnico este será completo entendendo por tal o que conteña o contido tanto do chamado proxecto básico como o de execución.

Artigo 13. Tramitación

1. As solicitudes de licenzas urbanísticas tramitaranse de acordo coa lexislación reguladora do procedemento administrativo común coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial e coas contidas na presente Ordenanza Municipal.

2. A solicitude de licenza só comezará a producir efectos dende o momento en que o correspondente escrito coa documentación completa esixida en cada caso tivese entrada no rexistro municipal.

Artigo 14. Emenda de deficiencias e mellora da solicitude

1. Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude ou na documentación presentada, xa no momento da súa presentación xa posteriormente, requirirase ao solicitante para que no prazo de dez días complete, emende ou aclare aquelas, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistido da súa petición, consonte o previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común.

2. O cómputo do prazo máximo para ditar resolución suspenderase polo requirimento para a emenda de deficiencias polo tempo que medie entre a notificación do requirimento e o seu efectivo cumprimento polo destinatario.

3. Se o requirimento non se leva a cabo de forma completa ou se efectúa de maneira insuficiente poderase realizar un segundo requirimento sobre as deficiencias non corrixidas cuxa non emenda adecuada no prazo de novo concedido provocará a declaración de desistencia do petionario sen que haxa lugar a máis requirimentos.

Artigo 15. Modificacións do acto para o que se solicita licenza

Se antes de que se concedese a licenza se pretendesen modificacións no proxecto técnico ou documentación presentada e estas modificacións alterasen determinacións da actuación pretendida que afectasen ao aproveitamento urbanístico, altura, ocupación en planta, forma e posición do edificio na parcela, estrutura, número de vivendas, usos, accesibilidade, habitabilidade ou afectación ao contorno, o interesado deberá, previa desistencia da licenza solicitada, solicitar unha nova licenza que se tramitará de acordo coa normativa vixente na data da nova solicitude.

Artigo 16. Autorizacións sectoriais

1. As actuacións que se pretendan realizar en terreos, construcións ou instalacións que precisen, ademais da licenza municipal, de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas conforme á normativa

sectorial de aplicación, necesitarán do seu previo achegamento para a concesión, se procede, da correspondente licenza urbanística.

2. No caso de que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial o procedemento de tramitación da solicitude de licenza municipal quedará en suspenso polo tempo que medie entre a notificación do seu requirimento e a súa efectiva presentación.

Este prazo de suspensión no poderá exceder en todo caso de tres meses. Transcorrido ese prazo sen que se teñan achegado as autorizacións ou informes sectoriais pertinentes acordarase, previa a súa advertencia, o arquivo das actuacións e declararase a caducidade do procedemento.

3. A mesma suspensión do procedemento producirase cando sexa este Concello o que ante unha solicitude de licenza urbanística deba solicitar autorizacións ou informes sectoriais a outras administracións públicas de acordo coa lexislación sectorial de aplicación e polo tempo que medie entre a petición e a recepción da autorización ou informe.

Artigo 17. Informes

Á vista da documentación presentada e de conformidade coa normativa urbanística de aplicación, os servizos municipais emitirán informe técnico sobre o uso e a obra proxectada e posteriormente o preceptivo informe xurídico.

Artigo 18. Cesión de terreos

1. Antes de emitirse proposta de resolución favorable para a concesión de licenza de calquera tipo de obra ou de actividade en solos urbanos consolidados que non teñan a condición de soar nin regularizadas as vías públicas o propietario deberá ceder gratuitamente ao Concello de Cambre os terreos destinados a vías fóra das aliñacións establecidas no planeamento, previa segregación dos mesmos se fose necesario. Esta mesma obriga deberá cumprirse antes da presentación dunha comunicación previa urbanística ou de actividade, no caso de que se dean os mesmos elementos de feito.

2. Igualmente esta obriga do propietario terá lugar nos solos de núcleo rural cando se pretendese construír unha nova edificación ou substituír a existente.

3. Esta cesión, unha vez aceptada polo Concello de Cambre, formalizarase en escritura pública que será presentada nas dependencias municipais con constancia da súa inscrición no Rexistro da Propiedade.

Artigo 19. Resolución

1. Completo o expediente e formulada proposta de resolución esta elevarase ao órgano competente para a resolución que poñerá fin ao procedemento.

A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión da licenza condicionada ao cumprimento de determinados requisitos ou denegación da licenza.

Toda resolución que denegue licenza deberá ser debidamente motivada con explícita referencia ás normas ou determinacións do planeamento que se incumpran.

2. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses contado dende a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello, agás as peticións de licenza para división de terreos que non sexan parcelacións urbanísticas, para a primeira ocupación de edificios e para a corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva ás que se refiren os apartados g), h) e j) do artigo 9 desta Ordenanza, que se resolverán no prazo dun mes contado dende o mesmo momento, sempre que non se establezan outros prazos por disposición legal.

3. Transcorridos os prazos sinalados no apartado anterior para resolver as solicitudes de licenza, coas suspensións legalmente procedentes, sen que se adopte resolución municipal expresa operará o réxime do silencio administrativo na forma legalmente establecida.

En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo positivo licenzas en contra da normativa ou do planeamento urbanístico.

Artigo 20. Licenzas condicionadas a completar a urbanización

1. As licenzas de edificación de nova planta ou de ampliación ou reforma de edificios existentes que se soliciten para terreos urbanos consolidados que aínda non tivesen a condición de soar ou que sendo de núcleo rural precisen de obras de acometida ás redes de servizos existentes ou de urbanización outorgaranse cando se asegure a execución simultánea da urbanización e da edificación.

2. Con carácter previo ao outorgamento da licenza deberá constituírse unha garantía por importe do 100% do custo das obras de urbanización pendentes e/ou do custo previsible de reposición das existentes que puidesen resultar afectadas con motivo da obra que se determinarán no propio proxecto técnico da edificación ou nun anexo ao mesmo.

Esta garantía devolverase no mesmo acto de outorgamento da licenza de primeira ocupación, quedando a súa concesión supeditada a que se tivesen executado total e satisfactoriamente as obrigas garantidas.

No caso de obras para as que non é necesaria a licenza de primeira ocupación, a garantía devolverase tras a comunicación por parte do interesado da terminación das obras coa presentación de certificado final de obra de técnico competente sempre que se tivesen cumprido total e satisfactoriamente as obrigas garantidas.

Artigo 21. Extinción e caducidade das licenzas

1. As licenzas urbanísticas extinguiranse polos seguintes motivos:

- a) Por caducidade.
- b) Por renuncia do titular comunicada por escrito ao Concello e declarada por este.
- c) Por resolución xudicial ou administrativa a través dos procedementos de revisión de oficio regulados na lexislación administrativa que as anule.

2. As licenzas urbanísticas outorgaranse con suxeición a un prazo determinado de caducidade tanto para o inicio como para a finalización das obras, así como para a súa interrupción.

O prazo máximo para o inicio das obras é o de seis meses e para a súa terminación o de dous anos, contados a partir da data da notificación da resolución de concesión da licenza, non podendo interromperse as obras por un tempo superior a seis meses.

3. Os referidos prazos poderán prorrogarse a solicitude do titular da licenza sempre que sexa formulada antes da súa conclusión e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

En calquera caso, a prórroga concederase por un prazo non superior ao inicialmente acordado.

4. Unha vez transcorridos e incumpridos calquera dos prazos mencionados anteriormente declararase a caducidade da licenza polo órgano competente para concedela, previa audiencia ao interesado.

5. A declaración de caducidade extinguirá a licenza non podéndose iniciar nin proseguir as obras salvo para traballos de seguridade e mantemento dos que se dará conta ao Concello para o seu control.

Declarada a caducidade da licenza poderá solicitarse pola persoa interesada unha nova licenza que se tramitará de conformidade coa normativa urbanística vixente na data da nova solicitude.

Sección 3ª. Execución das obras

Artigo 22.- Comunicación de empresa construtora

Antes do comezo das obras o titular da licenza comunicará ao Concello o nome e domicilio social da empresa construtora das mesmas. Se cambiase a empresa encargada da realización das obras o titular da licenza igualmente deberá comunicar tal circunstancia á Administración municipal.

Artigo 23.- Sinalización de aliñacións e rasantes

1. No caso de obras de edificación de nova construción, de ampliación de edificios existentes que alteren a ocupación en planta, de muros de contención e de instalacións de casas prefabricadas e instalacións similares ás que se refire o artigo 9 desta Ordenanza será condición indispensable para o comezo das obras que unha vez concedida a pertinente licenza se proceda á sinalización de aliñacións e rasantes previa a súa solicitude polo interesado.

2. A solicitude de aliñacións e rasantes irá acompañada dun plano por triplicado da situación dos terreos a escala 1:500 con todos os seus datos acoutados e os do contorno máis próximo.

3. As aliñacións e rasantes ás que se deberá de axustar a construción, ampliación ou instalación serán sinaladas na acta de replanteo.

No acto de sinalización de aliñacións e rasantes, que se efectuará no día e hora sinalado polos servizos técnicos municipais da Área de Urbanismo, concorrerán un técnico municipal, o titular da licenza de obra e o técnico director da mesma. Estes mesmos subscribirán a continuación a acta de replanteo por triplicado, así como o plano acoutado a escala 1:500 que será achegado coa mesma.

Artigo 24. Documentación no lugar da obra e cartel indicador

1. Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e de copia autorizada da acta de replanteo para aquelas obras en que se necesite, de conformidade co apartado 1 do artigo 23 desta Ordenanza.

2. Ademais do indicado no apartado anterior, nas obras de edificación de nova construción e nas intervencións en edificios existentes que requiran de licenza municipal será tamén requisito indispensable a colocación a pé de obra dun cartel indicador que sexa visible dende a vía pública, coas dimensións de 110 cm de ancho por 80 cm de alto e co contido que se indica no esquema seguinte:

 <p>CAMBRE CONCELLO</p>	<p>CONCELLO DE CAMBRE</p> <ul style="list-style-type: none">• Nº EXPEDIENTE DA LICENZA DE OBRA:• DATA EXPEDICIÓN DA LICENZA:• ORDENANZA DE APLICACIÓN:• PROMOTOR:• CONSTRUTOR:• DIRECTOR DE OBRA:• DIRECTOR DE EXECUCIÓN MATERIAL:• Nº PLANTAS AUTORIZADAS:• USOS:• PRAZO MÁXIMO DE EXECUCIÓN:
---	--

3. O cartel será un taboleiro hidrófugo con fondo en branco e o texto negro perfectamente visible.

Artigo 25. Modificacións das obras amparadas en licenza

1. Se durante a execución das obras se previsen o producisen variacións que alterasen o proxecto técnico ou a documentación sobre os que se baseou a licenza outorgada nalgún dos parámetros relacionados no artigo 15 desta Ordenanza, o titular estará obrigado a solicitar unha nova licenza que as ampare.

2. As modificacións de detalle que durante a execución das obras non alteren os parámetros urbanísticos da licenza outorgada relacionados no artigo 15 desta Ordenanza, deberán documentarse cunha memoria e, de ser o caso, planos que se achegarán xunto á solicitude da licenza de primeira ocupación, se esta fose necesaria, ou directamente unha vez concluídas as obras e nos que quedarán perfectamente recollidas, descritas e identificadas as variacións de detalle introducidas.

Sección 4ª. Terminación das obras

Artigo 26. Obrigas do titular da licenza ao concluír as obras

1. Dentro dos dez días seguintes á conclusión dunha obra o titular da licenza deberá:

- Retirar os materiais sobrantes e os andamios, valos e barreiras.
- Construír ou repoñer o piso definitivo das beirarrúas.
- Repoñer ou reparar o pavimento da calzada ou praza, arboredo ou zona verde, conducións ou redes de servizo e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados polas obras de construción, e non estivesen xa repostos ou reparados.

Subsidiariamente destas obrigas responderá o propietario do solo no que fose executada a obra se non coincide co titular da licenza.

2. Nos casos de obras de edificación de nova construción sometidas a licenza e nos casos de intervencións de carácter total ou parcial en edificios existentes sometidos igualmente a licenza o titular da mesma deberá solicitar a preceptiva licenza de primeira ocupación unha vez concluídas as obras.

Artigo 27. Licenza de primeira ocupación

1. A licenza de primeira ocupación esixirase para a utilización dos edificios aos que se refire o apartado 2 do artigo 26 desta Ordenanza.

2. A licenza de primeira ocupación ten como obxecto comprobar que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza de obras outorgada así como as condicións que se puidesen impoñer na mesma e que, no seu caso, o promotor cumpriu o compromiso de realizar simultaneamente e de acordo ao proxecto de urbanización ou proxecto técnico a urbanización esixida.

3. O titular da licenza de obras solicitará a licenza de primeira ocupación acompañando á súa solicitude o certificado final da obra e, no seu caso, da urbanización expedido por técnico competente no que conste que as obras están completamente terminadas e que se axustan á licenza outorgada ou, no seu caso, ao proxecto de urbanización.

Igualmente acompañarase á dita solicitude xustificante de ter solicitada a alta no Catastro.

4. Comprobada a documentación achegada, polos servizos técnicos municipais procederase a inspeccionar as obras de edificación e, no seu caso, de urbanización executadas.

En ningún caso se poderá conceder licenza de primeira ocupación a ningunha edificación se a obra urbanizadora esixida non está debidamente concluída e por iso apta para a súa recepción.

A concesión da licenza de primeira ocupación implicará a previa ou simultánea recepción da obra urbanizadora que no seu caso se tivese que executar.

5. Se se comproba que as obras de edificación ou urbanización non se encontran completamente finalizadas ou non se cumpriron as obrigas de reposición relacionadas no artigo 26.1 desta Ordenanza suspenderase o procedemento e requirirase a execución das obras necesarias para a correcta finalización das mesmas.

6. A terminación das obras sen axustarse aos termos da licenza concedida ou, no seu caso, do proxecto de urbanización aprobado dará lugar a denegación da licenza de primeira ocupación e á incoación do pertinente procedemento para a reposición da legalidade infrinxida, sen prexuízo da incoación do procedemento sancionador correspondente.

7. Para a conexión dos servizos de abastecemento de auga, saneamento, electricidade, gas, telefonía ou outro servizo propio de edificacións será necesaria a concesión da licenza de primeira ocupación. En base a isto, as empresas ou entidades subministradoras de tales servizos esixirán a licenza de primeira ocupación para a contratación dos mesmos.

O Concello de Cambre, previa audiencia ao interesado, poderá ordenar o corte da subministración contratado sen a existencia previa da licenza de primeira ocupación.

CAPITULO II COMUNICACIÓNS PREVIAS URBANÍSTICAS

Sección 1ª. Actos suxeitos e réxime xurídico

Artigo 28. Actos suxeitos a comunicacións previas urbanísticas

1.- Están suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa todos os actos de ocupación, construción, edificación e do uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza, e polo tanto non relacionados no artigo 9 da presente Ordenanza, ademais, e en todo caso, dos que así se establezan nas leis.

2.- Tamén se someten ao réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquera acto de uso do solo ou subsolo xa sexa autorizado por licenza urbanística ou por comunicación previa, debendo de comunicalo por escrito ao Concello quen vaia exercer a nova titularidade.

Artigo 29. Efectos da presentación da comunicación previa

1. A presentación dunha comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos do uso do solo ou do subsolo que se comunican unha vez que transcorra o prazo de quince días hábiles contado a partir da data da súa entrada, con toda a documentación completa, no Rexistro Municipal, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello de Cambre.

2. Dentro do prazo dos quince días hábiles sinalado no apartado anterior o Concello de Cambre poderá declarar completa a documentación presentada ou requirir a emenda das deficiencias que presente, en cuxo caso quedará sen efecto dito prazo para o inicio das obras que se reiniciará unha vez presentada a documentación requirida ou coas deficiencias emendadas.

3. A presentación dunha comunicación previa non producirá efectos nos seguintes casos:

- a) Cando a comunicación previa se presente sen os documentos que a teñen que acompañar e que se relacionan nos Anexos da presente Ordenanza para cada caso ou sen a cesión de solo a que se refire o apartado 1 do artigo 18 da presente Ordenanza.
- b) Cando o acto pretendido que se comunica ao Concello está suxeito a licenza municipal.
- c) Cando para a execución das obras fosen preceptivos informes ou autorizacións previas doutros organismos públicos que non se achegan no momento de presentar a comunicación.
- d) Cando a actuación pretendida sexa contraria á normativa de aplicación.

4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe á comunicación previa comportará, logo da audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e a imposibilidade de iniciar ou de continuar co exercicio do dereito a executar as obras dende o momento no que se coñeza, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís a que houbese lugar.

Artigo 30. Responsabilidades

1. Os técnicos asinantes da documentación técnica que se acompaña a unha comunicación previa son responsables da súa calidade e do seu axuste ás normas que sexan aplicables en cada caso.
2. Os técnicos asinantes de certificacións ou declaracións que se acompañan a unha comunicación previa serán responsables da exactitude e da veracidade do seu contido.
3. O titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigado a executar as obras nas condicións contidas na documentación presentada.

Artigo 31. Alcance do control inicial da comunicación previa

1. No prazo dos quince días hábiles seguintes ao da presentación dunha comunicación previa urbanística a actuación municipal circunscribírase estritamente á comprobación da integridade formal e da suficiencia legal da documentación presentada para poder declarar a mesma completa aos efectos de poder iniciar as obras comunicadas, pero non implicará análises sobre o seu contido nin comprobación do cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa e o planeamento urbanístico que se realizarán posteriormente, sen prexuízo de que se poidan realizar igualmente no dito prazo.
2. En ningún caso a intervención municipal sobre a comunicación previa controlará os aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural das construcións, ás condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos ou materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, do promotor ou da empresa construtora ou instaladora.

Sección 2ª. Procedemento de comunicacións previas urbanísticas

Artigo 32. Regulación do procedemento

Os actos de control e intervención da administración municipal nos supostos previstos no artigo 28 da presente Ordenanza axustaranse ao seguinte procedemento:

- a) A comunicación previa efectuarase no modelo normalizado que se incorpora como Anexo a esta Ordenanza e deberá vir acompañada da documentación completa que para cada actuación se especifique igualmente nos Anexos da presente Ordenanza.
- b) A comunicación previa formularase a instancia de calquera persoa interesada en iniciar unha obra ou a través de representante autorizado, e poderase presentar en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 da Lei 30/1992, de Réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común ou telemáticamente a través da sede electrónica municipal.
- c) A presentación do impreso normalizado acompañado de todos os documentos esixidos na presente Ordenanza no Rexistro Municipal de Cambre, determinará a iniciación do procedemento, rexéndose esta, así como a ordenación, instrución e terminación do dito procedemento polas disposicións do Título VI da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma que a substitúa.
- d) O promotor dos actos de uso do solo e do subsolo deberá comunicar ao Concello de Cambre a intención de levalos a cabo cunha antelación mínima de quince días hábiles ao da data na que pretenda levar a cabo ou comezar a súa execución.

Artigo 33. Tramitación da comunicación previa urbanística

Presentada a comunicación previa a súa tramitación axustarase ás seguintes regras:

1. Cando a actuación comunicada posúa toda a documentación esixida, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos, polo que, unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles sinalado no apartado 1 do artigo 29 desta Ordenanza, será título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo e do subsolo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección.

Neste caso achegárase á comunicación previa dilixencia da dependencia administrativa instrutora pola que se declarará completa a documentación presentada o que permitirá que os técnicos municipais comproben o seu contido e o cumprimento dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación e poidan cursar visita de inspección á obra para comprobar se se axusta á documentación presentada e á normativa aplicable.

2. Cando a comunicación presentada e/ou a documentación que con ela se acompaña sexa insuficiente ou incorrecta, dentro do prazo dos quince días seguintes á súa presentación, requirirase á persoa interesada para que se absteña de iniciar á súa actuación concedéndoselle un prazo de dez días para a emenda das deficiencias detectadas, con indicación de que se así non o fixese se lle terá por desistido da súa comunicación arquivándose o expediente sen máis trámite consonte ao previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, e sen prexuízo, no seu caso, da tramitación dos correspondentes procedementos de reposición da legalidade e sancionador.

Neste caso o prazo de quince días para o inicio da obra quedará sen efecto debendo reiniciarse como sinala o artigo 29.2 desta Ordenanza.

3. Transcorrido o prazo de quince días hábiles dende a presentación da comunicación previa sen que se requira ao interesado a corrección de posibles deficiencias que puidesen existir, poderanse iniciar as obras comunicadas, sen que a inactividade da Administración implique emenda dos defectos ou irregularidades que presente o contido da comunicación ou da documentación que se lle achega nin os que poida presentar a obra ou a actuación obxecto de comunicación.
4. Se unha vez declarada completa a documentación presentada e trasladada aos técnicos municipais para a súa comprobación se detectase que o contido desta non se axusta á normativa de aplicación ou ao planeamento urbanístico en vigor ditarase resolución notificando esta circunstancia ao comunicante e indicando que debe absterse de iniciar a obra ou, no seu caso, que debe suspender de inmediato a súa execución, incoándose expediente de reposición da legalidade coa audiencia ao interesado pertinente.

Artigo 34. Autorizacións sectoriais

As actuacións que se pretendan realizar en terreos, construcións ou instalacións que precisen de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou administracións públicas, conforme á normativa sectorial de aplicación, necesitarán do seu achegamento coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos nos que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial a comunicación previa non producirá efecto algún non podéndose por isto iniciar a obra pretendida.

Artigo 35. Prazos para executar as obras

1. As obras que se comunican deberán iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no apartado 1 do artigo 29 da presente Ordenanza e deberán ser finalizadas no prazo máximo dun ano contado a partir da mesma data.
2. Os referidos prazos poderán prorrogarse a través dunha nova comunicación na que así se indique sempre que sexa formulada antes da conclusión dos mesmos e sempre que as obras sexan conformes coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

En calquera caso, a prórroga non poderá ser por prazos superiores aos establecidos no apartado anterior para o comezo e finalización das obras.

Artigo 36. Extinción e caducidade das comunicacións previas urbanísticas

1. O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas extinguirase polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas urbanísticas.

No caso da colocación de carteis ou valos publicitarios o título habilitante extinguirase aos dous anos contados a partir do día seguinte a aquel no que finalice o prazo de quince días sinalado no apartado 1 do artigo 29 da presente Ordenanza. Este prazo poderase prorrogar por outro período de igual duración logo dunha nova comunicación previa que así o indique que se

presentará antes da conclusión de aquel, e sempre que a instalación sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento no que se comunique a prórroga do prazo. Terminada a vixencia desta instalación o seu promotor deberá desmontar a mesma no prazo máximo dun mes.

2. Unha vez transcorridos e incumpridos calquera dos prazos mencionados no artigo anterior declararase a caducidade da comunicación previa, previa audiencia ao interesado.

3. A declaración da caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non podéndose iniciar nin proseguir as obras salvo para traballos de seguridade e mantemento dos que se dará conta ao Concello para o seu control.

Declarada a caducidade da comunicación previa poderá presentarse pola persoa interesada unha nova que se tramitará de conformidade coa normativa e ordenación urbanística vixentes na data da nova presentación.

Sección 3ª. Execución das obras

Artigo 37. Aliñacións de cerramentos

Se as obras que se comunican se refiren á construción de cerrados de parcela que lindan coa vía pública, antes do inicio da obra deberá solicitarse polo interesado na Área de Urbanismo deste Concello que se fixe sobre a parcela a aliñación e o recuamento do cerrado con respecto á vía pública. Para tales efectos levantarase unha acta de replanteo que se subscribirá por duplicado polo comunicante da obra e un técnico municipal da dita Área de Urbanismo.

Artigo 38. Documentación no lugar da obra

Será requisito indispensable en todas as obras dispor, a pé de obra, de copia autorizada da comunicación previa co selo do rexistro de entrada municipal e de copia autorizada da acta de replanteo para as obras ás que se refire o artigo anterior desta Ordenanza.

Artigo 39. Modificacións na execución das obras comunicadas

As características e dimensións das obras que se executen non excederán das comunicadas, considerándose como infracción urbanística calquera extralimitación na que se incorra. Cando se pretendan realizar modificacións durante a execución da obra deberase comunicar de novo tal feito ao Concello, cos mesmos requisitos da comunicación inicial.

Artigo 40. Obrigas do comunicante das obras

1. A comunicación previa de obras non supón autorización para a ocupación da vía pública ou outros espazos públicos con materiais de construción, andamios, maquinaria, grúas ou calquera ferramenta ou instrumento xa que isto deberá ser obxecto da correspondente solicitude de licenza para a súa autorización, se procede.

2. Dentro dos cinco días seguintes á conclusión dunha obra o comunicante da mesma deberá:

- Retirar os materiais sobrantes e os andamios, valos e barreiras.
- Repoñer ou reparar o pavimento das beirarrúas, calzada ou praza, arborado ou zona verde, conducións ou redes de servizo e cantos outros elementos urbanísticos resultasen afectados polas obras executadas se non os houberse xa repostos ou reparados.

Subsidiariamente destas obrigas responderá o propietario do solo no que fose executada a obra se non coincide co comunicante da mesma.

TITULO III

COMUNICACIÓNS PREVIAS E LICENZAS DE ACTIVIDADES E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS.

CAPITULO I

COMUNICACIÓNS PREVIAS DE ACTIVIDADES.

Sección 1ª. Actividades suxeitas e réxime xurídico

Artigo 41.- Actividades suxeitas a comunicación previa

1. Estarán sometidas ao procedemento de comunicación previa a instalación, implantación, apertura ou exercicio de calquera actividade económica, empresarial, profesional, industrial ou comercial que se leve a cabo no termo municipal de Cambre a excepción das actividades recreativas e espectáculos públicos aos que se refire o Capítulo II do Título III desta Ordenanza.

2.- Tamén se someten ao réxime de comunicación previa os cambios de titularidade de calquera actividade ou establecemento xa estea autorizado por licenza ou xa estea sometido ao réxime de comunicación previa, debendo de comunicalo por escrito ao Concello quen vaia exercer a nova titularidade.

Artigo 42. Efectos da presentación da comunicación previa

1. A comunicación previa presentada cumprindo con todos os requisitos constitúe título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento que se comunica, polo que unha vez rexistrada de entrada neste Concello a comunicación previa con toda a documentación completa o titular da actividade poderá comezar a exercela, sen prexuízo das facultades de comprobación, control e inspección que ao Concello de Cambre lle corresponden.

2. A presentación dunha comunicación previa non producirá efectos nos seguintes casos:

- a) Cando a comunicación previa se presente sen os documentos que a deban acompañar e que se relacionan nos Anexos da presente Ordenanza para cada caso ou sen a cesión de solo á que se refire o apartado 1 do artigo 18 da presente Ordenanza.
- b) Cando a actividade pretendida que se comunica estea suxeita a licenza municipal.
- c) Cando para o inicio da actividade fosen preceptivos informes ou autorizacións previos doutros organismos públicos que non se achegan no momento de presentar a comunicación.
- d) Cando a actividade pretendida sexa contraria á normativa de aplicación.
- e) Cando a actividade pretendida leve aparellada a necesidade de obra previa e esta non fose comunicada ou careza de licenza se esta fose necesaria.

3. O incumprimento das condicións da comunicación previa ou dos requisitos sinalados na lexislación de aplicación ou nesta Ordenanza determinará a imposibilidade de seguir exercendo a actividade. A resolución que declare estas circunstancias ordenará a inmediata suspensión da actividade exercida e incoará o pertinente expediente para a reposición da legalidade infrinxida.

4. A inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe á comunicación previa comportará, logo da audiencia ao interesado, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e a imposibilidade de exercer o dereito ou a actividade afectada dende o momento no que se coñece, sen prexuízo das responsabilidades administrativas, penais ou civís a que houbese lugar.

Artigo 43. Responsabilidades

1.- Os técnicos asinantes da documentación técnica ou das certificacións ou declaracións que se acompañan a unha comunicación previa de actividade serán responsables co alcance recollido nos apartados 1 e 2 do artigo 30 da presente Ordenanza.

2.- O titular dos dereitos derivados dunha comunicación previa está obrigado a exercer a actividade nas condicións contidas na documentación presentada.

Sección 2ª. Procedemento de comunicacións previas de actividade

Artigo 44. Regulación do procedemento

Os actos de control e intervención da administración municipal nas actividades suxeitas a comunicación previa axustaranse ao seguinte procedemento:

- a) A comunicación previa efectuarase no modelo normalizado que se incorpora como Anexo a esta Ordenanza e virá acompañada da documentación completa que para cada actuación se especifique igualmente nos Anexos da presente Ordenanza.

Esixirase en todo caso proxecto técnico de actividade, excepto para as seguintes actividades:

- Comercio polo miúdo excepto o comercio de vehículos de motor, motocicletas e ciclomotores e a venda polo miúdo de combustible para vehículos de motor (gasolineiras e estacións de servizo).
- Despachos profesionais, xestorías, oficinas e similares.
- Actividades de almacenamento de obxectos e materiais, excepto as de produtos químicos ou farmacéuticos, combustibles, lubricantes, fertilizantes, praguicidas, herbicidas, pinturas, vernices, ceras ou pneumáticos.

Nestes supostos a comunicación previa terá que vir acompañada, polo menos, dunha memoria explicativa da actividade que se pretenda realizar coa manifestación expresa do cumprimento de todos os requisitos técnicos e administrativos e de plano de planta do local que reflicta a súa superficie total e a súa distribución coas instalacións e mobiliario.

- b) A comunicación previa se formulará a instancia de calquera persoa interesada en iniciar unha actividade ou a través de representante autorizado, e poderá presentarse en calquera dos rexistros sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou telemáticamente a través da sede electrónica municipal.
- c) A presentación do impreso normalizado acompañado de todos os documentos esixidos na presente Ordenanza no Rexistro Municipal de Cambre, determinará a iniciación do procedemento, rexéndose esta, así como a ordenación, instrución e terminación do dito procedemento polas disposicións do Título VI da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou norma que a substitúa.

Artigo 45. Tramitación da comunicación previa de actividade

Unha vez rexistrada de entrada unha comunicación previa de actividade o Concello a analizará xunto coa documentación que con ela se presenta seguíndose as seguintes regras na súa tramitación:

1. Cando a actividade comunicada veña acompañada de toda a documentación esixida para cada caso nos Anexos desta Ordenanza, a comunicación previa producirá plenos efectos xurídicos dende a data da súa presentación constituíndose en título habilitante para o inicio da actividade ou apertura do establecemento co alcance previsto no artigo 42.1 desta Ordenanza.

Neste caso xuntarase á comunicación previa dilixencia da dependencia administrativa instrutora pola que se declarará completa a documentación presentada o que permitirá que os técnicos municipais comproben o seu contido, o cumprimento na mesma dos requisitos esixidos pola normativa de aplicación e poidan cursar visita de inspección ao establecemento para comprobar se se axusta á documentación presentada e á normativa aplicable.

2. No caso de non presentar a documentación prevista nesta Ordenanza o Concello requirirá ao interesado para que proceda no prazo de 10 días a emendar as deficiencias detectadas, con indicación de que se así non o fixese, ou o fixese defectuosamente, teráselle por desistido da súa comunicación, arquivándose o expediente sen máis trámite, de acordo co previsto na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, e ordenándose o inmediato peche da actividade se xa se tivese iniciado.

Igual se actuará se a documentación presentada fose a esixida pero nela se detectasen imprecisións ou deficiencias de escasa entidade.

3. Se unha vez declarada completa a documentación presentada e trasladada esta aos técnicos municipais para a comprobación do seu contido, se detectase que este non se axusta á normativa de aplicación ou ao planeamento urbanístico en vigor, ditarase resolución notificando esta circunstancia e dispoñendo a suspensión inmediata da actividade e a incoación de expediente de reposición da legalidade coa audiencia ao interesado pertinente.

Artigo 46. Autorizacións sectoriais e declaración de incidencia ambiental

As actividades que se pretendan levar a cabo que precisen de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou Administracións públicas ou de declaración de incidencia ambiental necesitarán do seu achegamento coa comunicación previa que se presente.

Nos supostos en que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial ou declaración de incidencia ambiental coa comunicación previa esta non producirá efecto algún non podendo por iso iniciar ou exercer a actividade pretendida.

Artigo 47. Supostos de simultaneidade de obras e actividades

Se para o desenvolvemento dunha actividade sometida a comunicación previa é precisa a realización dunha obra, a documentación que se esixe que se acompañe á comunicación previa de actividade presentarase coa comunicación previa da obra ou coa solicitude de licenza de obra, se esta procedese.

Unha vez concluída a obra presentarase a comunicación previa para o comezo da actividade ou a apertura do establecemento, sempre que non fose preceptiva a concesión de licenza de primeira ocupación, en cuxo caso, concluída a obra, se solicitará esta de conformidade co artigo 27 da presente Ordenanza. A concesión desta licenza de primeira ocupación comportará os mesmos efectos que a presentación da comunicación previa para o inicio da actividade.

Artigo 48. Prazos para o comezo da actividade

1.- A actividade que se comunica deberá iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir do día seguinte ao da presentación no rexistro municipal da comunicación previa con toda a documentación esixida ou da comunicación previa para o comezo da actividade se houberse obras.

2.- O referido prazo poderá prorrogarse a través dunha nova comunicación na que así se indique sempre que se presente antes da conclusión daquel, que sexa por un prazo non superior ao indicado no apartado anterior e que a actividade sexa conforme coa ordenación urbanística e normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

Artigo 49. Extinción e caducidade das comunicacións previas de actividade

1.- O título habilitante para o exercicio dos dereitos derivados das comunicacións previas extinguirase polas mesmas causas que as establecidas para as licenzas de actividade.

2.- O título habilitante que comporta a presentación dunha comunicación previa de actividade con toda a documentación requirida poderá declararse caducado nos seguintes casos:

- a) Cando non se inicie a actividade nos seis meses seguintes á data do rexistro de entrada municipal da comunicación previa debidamente formulada.
- b) Cando non se realice a actividade por un tempo ininterrompido superior a un ano.

3.- En todo caso a declaración de caducidade dunha comunicación previa realizarase a través da instrución do pertinente expediente con audiencia ao interesado.

4.- A declaración de caducidade extinguirá os efectos da comunicación previa, non podéndose iniciar nin proseguir a actividade ata que se presente unha nova comunicación previa axustada á normativa e á ordenación urbanística en vigor.

Artigo 50. Documentación no lugar da actividade

Será requisito necesario en todos os establecementos ou actividades dispor en lugar visible de copia autorizada da comunicación previa co selo do Rexistro de entrada municipal.

Artigo 51. Modificacións na actividade

Cando se vaia a producir calquera modificación nas condicións ou características da actividade ou do establecemento deberase comunicar previamente tal feito ao Concello cos mesmos requisitos que na comunicación inicial.

CAPITULO II LICENZAS DE ACTIVIDADE

Sección 1ª. Actividades suxeitas e réxime xurídico

Artigo 52. Espectáculos públicos e actividades recreativas

Se ben a apertura de establecementos públicos para actividades recreativas ou para espectáculos públicos ou a organización destes últimos están sometidas ao réxime de comunicación previa previsto na Lei e na presente Ordenanza, as seguintes actividades, en atención a concurrencia de razóns de interese xeral, precisarán para o seu exercicio da obtención previa de licenza municipal:

1. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas que se desenvolvan en establecementos públicos cunha capacidade superior a 500 persoas, ou que presenten unha especial situación de risco, de conformidade co disposto na normativa técnica en vigor.
2. A instalación de terrazas ao aire libre ou na vía pública, anexas a un establecemento.
3. A celebración de espectáculos e actividades extraordinarias e, en todo caso, os que requiran a instalación de escenarios e estruturas móbiles.
4. A celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas ou deportivas que se desenvolvan ademais de neste termo municipal noutro lindeiro.
5. A celebración de espectáculos e festexos taurinos.
6. A apertura de establecementos e a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas cando a súa normativa específica esixa a concesión de autorización.

Artigo 53. Finalidade das licenzas de actividade

1. A licenza de actividade ten por finalidade comprobar que as actividades relacionadas no artigo anterior se axustan ao ordenamento urbanístico e que reúnen as condicións esixibles de seguridade, salubridade e accesibilidade.
2. Non se poderá iniciar actividade algunha sometida ao réxime de licenza sen que previamente se obtivese a mesma.

Artigo 54. Alcance do control municipal

A intervención municipal a través da licenza de actividade non comprende o control dos aspectos técnicos relativos á seguridade estrutural e condicións de montaxe das instalacións ou á calidade dos elementos e materiais empregados, cuxa responsabilidade é exclusiva do proxectista, da dirección técnica, da promotora ou da empresa instaladora.

Sección 2ª: Procedemento para o outorgamento das licenzas de actividade

Artigo 55. Solicitude de licenza

1. Con anterioridade á apertura dun establecemento público ou ao inicio dun espectáculo público ou actividade recreativa relacionados no artigo 52 da presente Ordenanza, quen vaia exercer a súa titularidade ou encargarse da súa organización deberá presentar no Concello unha solicitude de licenza cuxo modelo oficial se incorpora como Anexo á presente Ordenanza.

A esta solicitude acompañarase a documentación que se precise en cada caso que se relaciona nos Anexos desta Ordenanza.

2. A presentación das solicitudes e documentación requirida deberá efectuarse a través de calquera dos rexistros sinalados no artigo 38-4 da Lei 30/92, de Réxime xurídico das administracións e do procedemento administrativo común ou telemáticamente a través da sede electrónica municipal.

Se a presentación da solicitude e o resto da documentación se efectúa en soporte papel o proxecto técnico que se achegue, se é que este fose necesario, se tería que presentar tamén e en todo caso nun soporte dixital formato PDF.

3. No acto de presentación da solicitude os servizos municipais verificarán a integridade da documentación achegada dende o punto de vista formal comprobando se esta é a esixida, sen analizar ou valorar o seu contido.

Artigo 56. Tramitación

1. As solicitudes de licenzas de actividade tramitaranse de acordo coa lexislación reguladora do procedemento administrativo común coas especialidades contidas na lexislación local, na urbanística e na sectorial e coas contidas na presente Ordenanza municipal e na Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público no que a estas se refire.

2. A solicitude de licenza só comezará a producir efectos dende o momento no que o correspondente escrito coa documentación completa esixida en cada caso tivese entrada no Rexistro Municipal.

Artigo 57. Emenda de deficiencias e mellora da solicitude

Se os servizos municipais detectasen omisións, deficiencias ou imprecisións na solicitude de licenza ou na documentación con ela presentada estarase ao establecido no artigo 14 da presente Ordenanza.

Artigo 58. Modificacións na actividade para a que se solicita licenza

Se antes de que se concedese a licenza se pretenderan modificacións no proxecto técnico ou documentación presentada e estas modificacións alterasen determinacións da actividade pretendida que afectasen á seguridade, salubridade ou accesibilidade, o interesado deberá, previa desistencia da licenza solicitada, solicitar unha nova licenza que se tramitará consonte á normativa vixente na data da nova solicitude.

Artigo 59. Autorizacións sectoriais e declaración de incidencia ambiental.

1. As actividades que precisen, ademais da licenza municipal, de autorizacións ou informes sectoriais doutras entidades ou Administracións Públicas ou de declaración de incidencia ambiental conforme a normativa sectorial de aplicación, necesitarán do seu previo achegamento para a concesión, se procede, da correspondente licenza de actividade.

2. No caso de que non se presente a preceptiva autorización ou informe sectorial ou declaración de incidencia ambiental estarase ao previsto no apartado 2 do artigo 16 da presente Ordenanza.

Artigo 60. Informes

Á vista da documentación presentada e de conformidade coa normativa de aplicación, os servizos municipais emitirán informe urbanístico sobre o uso e as obras proxectadas e informe correspondente ás instalacións e sobre o cumprimento da normativa sectorial de aplicación. Concluídas as actuacións emitirase o preceptivo informe xurídico.

Artigo 61. Resolución

1. Completo o expediente e formulada proposta de resolución esta elevarase ao órgano competente para a resolución que poña fin ao procedemento.

A resolución poderá adoptar unha das seguintes formas: concesión pura e simple da licenza, concesión da licenza condicionada ao cumprimento de determinados requisitos ou denegación da licenza.

Toda resolución que denegue licenza deberá ser debidamente motivada con explícita referencia ás normas ou ás determinacións do planeamento urbanístico que se incumpran.

2. A tramitación da solicitude de licenza non poderá exceder de tres meses contados dende a presentación da solicitude coa documentación anexa completa no Rexistro do Concello ata a resolución municipal, a excepción das solicitudes de licenza para instalación de terrazas en terreos de uso público cuxo prazo de resolución será de dous meses.

Os requirimentos de documentación, emenda de deficiencias ou imprecisións e de informes ou autorizacións sectoriais suspenderán o prazo establecido para a resolución do solicitado, que volverá a computarse tras o seu achegamento.

3.- O transcurso do prazo de tres meses establecido para a concesión da licenza de actividade determinará á súa adquisición por silencio administrativo se consta achegada a documentación completa esixida e a pretensión se axusta á normativa de aplicación ao tempo da solicitude, a excepción das solicitudes para a instalación de terrazas en terreos de uso público onde o silencio administrativo será negativo.

Artigo 62. Supostos de simultaneidade de obras e actividades

1.- Se para o desenvolvemento dunha actividade sometida a licenza é precisa a realización dunha obra igualmente sometida ao réxime de licenza solicitaranse simultaneamente e concederanse nun único acto administrativo, sen prexuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade terá prioridade sobre a correspondente á licenza urbanística. Se procede denegar a primeira, se lle notificará así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

2.- Se a actividade pretendida se encontrase sometida ao réxime de licenza e fose precisa para a súa posta en marcha a realización de obras que se encontrasen sometidas ao réxime de comunicación previa, esta última presentarase simultaneamente coa solicitude da licenza de actividade pero non adquirirá eficacia en tanto non se obteña a preceptiva licenza que habilite a implantación da actividade.

En ningún caso a execución de obras en réxime de comunicación previa vinculadas ao desenvolvemento dunha actividade sen terse obtido licenza para a mesma xerará responsabilidade da administración municipal.

3.- Unha vez finalizadas as obras, xa estean sometidas ao réxime de licenza ou ao de comunicación previa, presentarase no Concello comunicación previa para o inicio da actividade.

Artigo 63. Prazos para o inicio da actividade e vixencia das licenzas

1. A actividade á que se lle concede licenza deberá iniciarse no prazo máximo de seis meses contado a partir da data da notificación da resolución de concesión da licenza ou contado a partir da data de presentación no rexistro municipal da comunicación previa para o inicio da actividade se houber obras.

2. As licenzas dos establecementos abertos ao público concédense por tempo indefinido, salvo que unha disposición ou a propia licenza establezan expresamente o contrario, e sen prexuízo dos efectos dos controles e das revisións periódicas a que sexan sometidos tales establecementos.

3. As licenzas para a celebración de espectáculos públicos ou actividades recreativas terán a mesma vixencia que á dos espectáculos ou actividades autorizados.

4. As licenzas para a instalación de terrazas en terreos de uso público outorgaranse por anos naturais prorrogables por iguais períodos de tempo, se ben se poderán solicitar tamén para períodos mínimos dun mes.

Artigo 64. Extinción das licenzas de actividade

As licenzas de actividade extinguiranse polos seguintes motivos:

- a) Por caducidade.
- b) Por revogación.
- c) Por renuncia do titular comunicada por escrito ao Concello e declarada por este.
- d) Por ter finalizado o espectáculo público ou a actividade recreativa para os que se concedeu a licenza.

- e) Por cumprimento do prazo ao que está sometido o espectáculo público ou a actividade recreativa se así se establece na licenza.
- f) Por resolución xudicial ou administrativa a través dos procedementos de revisión de oficio regulados na lexislación administrativa.

Artigo 65. Caducidade e revogación das licenzas de actividade

1. Poderá declararse a caducidade das licenzas de actividade nos seguintes supostos:

- a) Cando non se inicie a actividade nos seis meses seguintes contados a partir da data de notificación da licenza ou a partir da data de presentación no Rexistro municipal da comunicación previa para o inicio da actividade se houberse obras.
- b) Cando non se realice a actividade por un tempo ininterrompido superior a un ano.

O prazo para o inicio da actividade poderá prorrogarse a través dunha comunicación previa na que así se indique sempre que se presente antes da conclusión daquel, que sexa por un prazo non superior a seis meses e que a actividade sexa conforme coa ordenación urbanística e normativa vixentes no momento no que se comunique a prórroga do prazo.

2. A declaración de caducidade dunha licenza de actividade realizarase a través da instrución do pertinente expediente con audiencia ao interesado.

3. A declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza de actividade, non podéndose iniciar nin proseguir a actividade ata que se solicite e obteña unha nova licenza axustada á normativa e á ordenación urbanística vixentes.

4. As licenzas de actividade poderanse revogar nos seguintes supostos:

- a) Por incumprimento das condicións ou requisitos en virtude dos cales foron outorgadas.
- b) Por modificarse substancialmente ou desaparecer as circunstancias que determinaron o seu outorgamento, ou haber sobrevido outras novas que no caso de ter existido comportarían a súa denegación.
- c) Por sanción de conformidade co disposto na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia ou norma que a substitúa.
- d) Por falta de adaptación aos novos requirimentos establecidos polas normas dentro dos prazos previstos con esta finalidade.

5. A revogación será declarada despois da tramitación do pertinente expediente con audiencia ao interesado.

6. Tanto a declaración de caducidade como a revogación das licenzas de actividade non xerarán dereito a indemnización.

Artigo 66. Documentación no lugar da actividade

Será requisito necesario en todos os establecementos ou lugares nos que se exerza actividade sometida a licenza dispor en lugar visible de copia autorizada da licenza de actividade concedida.

Artigo 67. Modificacións na actividade

Calquera modificación nas condicións ou características da actividade ou do establecemento sometido a licenza municipal requirirá da previa solicitude e obtención de licenza para iso.

TITULO IV CONTROL POSTERIOR SOBRE OBRAS E ACTIVIDADES

Artigo 68. Obxecto

1. A Administración municipal está obrigada a exercer de forma permanente e continuada as funcións de comprobación, vixilancia, control e inspección sobre as obras e actividades que se realicen no termo municipal, xa estean suxeitas ao réxime de comunicación previa xa o estean ao réxime de licenza, para verificar a efectiva adecuación das mesmas á normativa que lle resulte de aplicación, sen prexuízo dos procedementos de reposición da legalidade e sancionador que, no seu caso, poidan iniciarse.
2. O persoal municipal adscrito as funcións de control, inspección e vixilancia urbanística, no exercicio das súas funcións, terán a consideración de axente da autoridade e gozará do estatuto regulado na lexislación urbanística.
3. A Administración municipal poderá en calquera momento, de oficio, a petición razoada doutras Administracións ou por denuncia, efectuar visitas de control e inspección das obras, establecementos e actividades reguladas nesta Ordenanza dende que se presenten as comunicacións previas ou se outorguen as pertinentes licenzas.

Artigo 69. Procedemento de control e inspección

1. Nas comunicacións previas de obras ou de actividades a actuación de control iniciárase coa comprobación do contido da documentación aportada.
2. Á marxe do control documental indicado no apartado anterior, a Administración municipal procederá, a través dos funcionarios habilitados ao efecto, á inspección das obras, establecementos e actividades suxeitas á presente Ordenanza co obxecto de verificar a súa adecuación ás comunicacións previas presentadas e/ou ás licenzas outorgadas e á normativa que lles sexa de aplicación, levantando acta de comprobación.
3. A acta de comprobación é aquel documento que se expide co fin de recoller o resultado das actuacións de inspección e de verificación do cumprimento dos requisitos esixidos e expedirase por duplicado sendo asinadas polo persoal inspector e, no seu caso, pola persoa ante a que se expida á que se lle entregará un exemplar da mesma. Cando esta persoa se negase a subscribila farase constar dita circunstancia.
4. As actas de comprobación ostentan o carácter de documento público, gozan de presunción de veracidade e constitúen proba dos feitos reflectidos nelas, sen prexuízo das probas que en defensa dos seus dereitos poidan presentar as persoas interesadas.
5. Se levantada acta de comprobación se detectara que a obra ou actividade se exerce ou foi executada sen axustarse ás determinacións sinaladas na licenza ou na comunicación previa, emitirase informe con proposta de resolución dispoñendo a suspensión inmediata de ditos actos, se estes se estivesen executando, e a incoación do expediente de reposición da legalidade, sen prexuízo do sancionador.
6. Non obstante o establecido no apartado anterior se a acta de comprobación é dunha actividade con comunicación previa presentada ou con licenza de actividade outorgada e nela se reflectirán incumprimentos das determinacións da documentación técnica comunicada ou a que se lle concedeu licenza que son corrixibles sen requirir elaboración dunha nova documentación técnica, emitirase informe con proposta de resolución concedendo un prazo de 15 días para a corrección das deficiencias detectadas.
Transcorrido dito prazo sen que se corrixan tales deficiencias e así se faga constar nunha nova acta de comprobación adoptaranse as medidas previstas no apartado anterior deste artigo.
7. O feito de que se levante acta de comprobación non obsta para que o Concello, no exercicio das facultades de control e inspección que ten atribuídas, realice con posterioridade as visitas de comprobación que estime oportunas.

Artigo 70. Contido da acta de comprobación

Toda acta de comprobación terá o seguinte contido mínimo:

- a) Identificación da obra e/ou do establecemento e actividade.
- b) Identificación da persoa promotora da obra ou da actividade e, no seu caso, da persoa con quen se entenden as actuacións e o carácter co que intervén, xa sexa construtor, propietario, arrendatario ou técnico.
- c) Funcionario que realiza a actuación de control e data da súa realización.
- d) Descrición das actuacións practicadas.
- e) Cumprimento ou descrición do incumprimento/os da documentación técnica presentada coa comunicación previa ou á que se lle concedeu a licenza e das determinacións ou condicións esixidas, no seu caso, na licenza ou nas autorizacións ou informes sectoriais, se os houberse.
- f) Descrición das modificacións que, no seu caso, se observen nas obras, instalacións, establecementos e actividades respecto da documentación técnica presentada coa comunicación previa ou na que se baseou a licenza outorgada.
- g) Incidencias producidas durante a actuación de control.

Artigo 71. Actuacións de comprobación a instancia de parte

1. Sen prexuízo das facultades de control que ten encomendadas o Concello, os interesados poden solicitar a este a realización dunha inspección do establecemento ou actividade para a comprobación da súa adecuación á normativa que lle sexa de aplicación e á comunicación previa presentada ou licenza de actividade outorgada.

2. Presentada a solicitude prevista no parágrafo anterior, no prazo máximo de dous meses dende a mesma, o Concello remitirá a quen llo solicitase copia da acta de comprobación. Se na mesma se detectaran incumprimentos ou deficiencias estarase ao previsto nos apartados 5 e 6 do artigo 69 da presente Ordenanza.

TITULO V REPOSICIÓN DA LEGALIDADE E RÉXIME SANCIONADOR

Artículo 72. Infraccións e sancións

Ás obras e actividades sometidas tanto ao réxime de comunicación previa como ao de licenza aplicaráselles as medidas de reposición da legalidade e o réxime sancionador previsto na lexislación urbanística, na Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, na Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de rúdos e vibracións perturbadoras e do exercicio das actividades de espaxemento e/ou recreativas sometidas a licenza, na Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior e na Ordenanza municipal reguladora da instalación de terrazas en terreos de uso público.

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA MODELOS NORMALIZADOS

Nos anexos da presente Ordenanza se recóllense os correspondentes modelos normalizados tanto de licenzas como de comunicacións previas e tanto urbanísticas como de actividade.

Estes modelos non teñen carácter regulamentario polo que o seu contido poderá ser ampliado, reducido ou modificado por resolución da Alcaldía, se ben a súa obrigatoriedade se supedita á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA NORMAS DERROGADAS

Cando na presente Ordenanza se realicen alusións a normas específicas, entenderase extensiva a referencia ás normas que por promulgación posterior substitúan ás mencionadas.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA UNICA

Os promotores de obras e actividades que teñan iniciado procedementos para a execución ou exercicio das mesmas con anterioridade á entrada en vigor desta Ordenanza poderán desistir da súa solicitude e optar pola aplicación da nova normativa, sempre que o poñan de manifesto antes da resolución do procedemento. En caso contrario, continuarase coa tramitación segundo a normativa que lles resultase de aplicación.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA ÚNICA


1. Queda derogada a Ordenanza municipal do exercicio de actividades e da apertura de establecementos (Boletín Oficial da Provincia nº 107, do 7 de xuño de 2012).
2. Queda derogado o capítulo segundo do Título VI da Ordenanza municipal reguladora da protección do medio ambiente contra a emisión e recepción de ruídos e vibracións perturbadoras e do exercicio das actividades de esparexemento e/ou recreativas sometidas a licenza (Boletín Oficial da Provincia nº 33, do 10 de febreiro de 2000), artigos 49 ao 56 inclusivos, así como o artigo 58.
3. Quedan derogados os artigos 15, 17, 18, 19 e 20 da Ordenanza municipal reguladora da publicidade exterior no Concello de Cambre (BOP nº 56, do 21 de marzo de 2013), así como o epígrafe: "Título IV.- Réxime xurídico das licenzas de instalación".
4. Quedan derogadas cantas disposicións municipais de igual ou inferior rango se opoñan ao que se establece nesta Ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL UNICA

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, que será realizada unha vez transcorrido o prazo previsto nos artigos 65.2 e 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

ANEXOS

Anexo 1

	SOLICITUDE LICENZA DE OBRAS	Selo do rexistro de entrada
	Espazo reservado para a Administración Exp. nº:	

SOLICITANTE					
Nome e apelidos / Denominación social				DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións					
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax	
Correo electrónico					

En caso de que se actúe por representación*					
Nome e apelidos / Denominación social do representante				DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións					
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax	
Correo electrónico					

* Achégase documento de representación.

EXPÓN

Que ten intención de realizar as obras que se describen a continuación:

Tipo de obra (marcar cun x a que corresponda)	
1 <input type="checkbox"/>	Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha mesma planta.
2 <input type="checkbox"/>	Intervención de carácter total sobre un edificio existente ou intervención de carácter parcial que produza unha variación esencial da composición xeral exterior, a volumetría o conxunto do sistema estrutural, ou teña por obxecto cambiar os usos característicos do edificio.
3 <input type="checkbox"/>	Intervención de carácter total ou parcial en edificio declarado ben de interese cultural ou catalogado polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
4 <input type="checkbox"/>	Demolición de construcións para cuxa execución se esixe licenza urbanística.
5 <input type="checkbox"/>	Muro de contención de terras.
6 <input type="checkbox"/>	Gran movemento de terras e explanación.
7 <input type="checkbox"/>	Instalación de casas prefabricadas e instalacións similares, xa sexan provisionais ou permanentes.

Localización das obras																
Enderezo (rúa, praza, avda., lugar)											Núm / Km		Andar		Porta	
Referencia catastral																

2. <input type="checkbox"/>	Memoria da actividade elaborada por técnico competente na que conste información sobre o tipo de espectáculo (actuación musical, baile, concerto,...), instalacións de dispositivos mecánicos ou electrónicos, previsión aproximada de asistencia de público, horario de inicio e peche da actividade e na que conste, en todo caso, que o escenario ou estrutura móbil reúne as condicións de seguridade para o desenvolvemento da actividade que se pretende realizar conforme á normativa aplicable.
3. <input type="checkbox"/>	Seguro de responsabilidade civil.
4. <input type="checkbox"/>	Plan de autoprotección esixible nos seguintes casos: <ul style="list-style-type: none">- Espazos pechados cunha capacidade igual ou superior a 2.000 persoas, ou cunha altura de evacuación igual ou superior a 28 m.- Instalacións pechadas desmontables ou de tempada con capacidade ou aforo igual ou superior a 2.500 persoas.- Ao aire libre: en xeral, aquelas cunha capacidade igual ou superior a 20.000 persoas.
5. <input type="checkbox"/>	Nomeamento do técnico que asuma a responsabilidade da execución ou montaxe das instalacións.
6. <input type="checkbox"/>	Autorizacións e/ou informes sectoriais preceptivos para o inicio da actividade.
7. <input type="checkbox"/>	Xustificante do pago dos tributos municipais que procedan.
8. <input type="checkbox"/>	Declaración responsable (ou certificado colexial) do técnico redactor da memoria da actividade na que figuren os seus datos persoais e profesionais e na que se indique que non está inhabilitado ou incurso en causa de incompatibilidade para o exercicio da profesión.


O solicitante declara baixo a súa responsabilidade

Que unha vez concedida a licenza e montadas as instalacións referidas se presentará no Concello certificado do técnico responsable da súa montaxe que acredite a adecuación da actividade á licenza outorgada e á normativa de aplicación.

Cambre, de de

Asdo.: solicitante / representante

Anexo 10

	SOLICITUDE LICENZA PARA INSTALACIÓN DE TERRAZAS AO AIRE LIBRE OU NA VÍA PÚBLICA ANEXAS A ESTABLECEMENTO	Selo do rexistro de entrada
	Espazo reservado para a Administración Exp. nº:	

SOLICITANTE				
Nome e apelidos / Denominación social			DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

En caso de que se actúe por representación*				
Nome e apelidos / Denominación social do representante			DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

* Achégase documento de representación.

EXPÓN

Que sendo titular da licenza de actividade ou comunicación previa de actividade núm. para e tendo intención de instalar unha terraza anexa ao establecemento que a continuación se describe:

Localización do establecemento																	
Enderezo (rúa, praza, avda., lugar)												Núm / Km		Andar		Porta	
Referencia catastral																	

Descrición da terraza a instalar
.....
.....
.....

Denominación comercial

Polo exposto **SOLICITA**

Que, tendo presentado este escrito, xunto coa documentación que se achega, se sirva admitilo e, previos os trámites e informes preceptivos, se me conceda licenza para a instalación da terraza expresada anexa ao establecemento.....

Documentos que se achegan con esta solicitude (marcalos cun "x")

1. <input type="checkbox"/>	No caso de que se actúe por representante, documento acreditativo, orixinal ou compulsado, da representación.
2. <input type="checkbox"/>	Memoria explicativa da terraza que se pretende instalar con indicación do tempo para o que se solicita e co plano de colocación, superficie a ocupar e número e características de todos os elementos a instalar (mesas, cadeiras, parasoles, paraventos, etc) a unha escala entre 1:200 e 1:300.
3. <input type="checkbox"/>	Xustificante de pagamento dos tributos municipais que procedan.
4. <input type="checkbox"/>	Declaración do solicitante na que se faga constar o compromiso de contratar un seguro de responsabilidade civil pola actividade a exercer.
5. <input type="checkbox"/>	Autorizacións e/ou informes de outras administracións públicas, cando procedan.
6. <input type="checkbox"/>	Cando a terraza se pretenda instalar diante da fachada dos locais lindeiros, autorización expresa dos titulares das actividades que se desenvolvan nos citados locais.


O solicitante declara baixo a súa responsabilidade

Que unha vez concedida a licenza e antes da instalación da terraza se presentará no Concello copia compulsada da póliza do seguro de responsabilidade civil para cubrir os danos derivados do exercicio da actividade.

Cambre, de de

Asdo.: solicitante / representante

Anexo 11

	COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE OBRAS	Selo do rexistro de entrada
	Espazo reservado para a Administración Exp. nº:	

INTERESADO				
Nome e apelidos / Denominación social			DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

En caso de que se actúe por representación*				
Nome e apelidos / Denominación social do representante			DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

* Achégase documento de representación.

En aplicación do disposto no artigo 28 da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

COMUNICA

A transmisión da licenza ou comunicación previa das obras que se describen a continuación:

Localización das obras																	
Enderezo (rúa, praza, avda., lugar)												Núm / Km		Andar		Porta	
Referencia catastral																	

Descrición das obras														
.....														
.....														

Nome do anterior titular da licenza de obras ou comunicante das mesmas														

Número da licenza ou data de rexistro da comunicación previa														
Núm. de licenza:										Data de outorgamento:				
										Órgano que outorga:.....				
Data do rexistro municipal da comunicación previa:														

Documentos que se achegan con esta comunicación previa (marcalos cun “x”)

1. <input type="checkbox"/>	No caso de que se actúe por representante, documento acreditativo, orixinal ou compulsado, da representación.
2. <input type="checkbox"/>	Fotocopia do DNI / CIF do novo titular.
3. <input type="checkbox"/>	Xustificante de pagamento da taxa municipal que corresponda.


O comunicante declara baixo a súa responsabilidade

1)	Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na presente comunicación e documentación que se achega.
2)	Que se subroga en todos os dereitos e obrigas derivadas da licenza ou comunicación previa de obras indicada.

Cambre, de de

Asdo.: interesado / representante

Anexo 12

	COMUNICACIÓN PREVIA DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE	Selo do rexistro de entrada
	Espazo reservado para a Administración Exp. nº:	

INTERESADO				
Nome e apelidos / Denominación social			DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

En caso de que se actúe por representación*				
Nome e apelidos / Denominación social do representante			DNI / CIF	
Enderezo para os efectos de notificacións				
CP	Municipio	Provincia	Teléfono	Fax
Correo electrónico				

* Achégase documento de representación.

En aplicación do disposto no artigo 24 da Lei 9/2013, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e no artigo 41 da Ordenanza municipal reguladora dos procedementos de intervención administrativa nos actos de uso do solo e do subsolo e no exercicio de actividades e apertura de establecementos.

COMUNICA

Que vai exercer a titularidade da actividade que se indica a seguir:

Localización da actividade																
Enderezo (rúa, praza, avda., lugar)												Núm / Km		Andar		Porta
Referencia catastral																

Descrición da actividade	
.....	
Denominación comercial anterior	Nova denominación comercial
Nome do anterior titular da licenza de actividade ou comunicante da mesma	

Número da licenza ou data de rexistro da comunicación previa

Núm. de licenza:	Data de outorgamento:
	Órgano que outorga:.....
Data do rexistro municipal da comunicación previa:	

Documentos que se achegan con esta comunicación previa (marcalos cun "x")

1. <input type="checkbox"/>	No caso de que se actúe por representante, documento acreditativo, orixinal ou compulsado, da representación.
2. <input type="checkbox"/>	Fotocopia do DNI / CIF do novo titular.
3. <input type="checkbox"/>	Xustificante de pagamento da taxa municipal que corresponda.
4. <input type="checkbox"/>	Copia compulsada da declaración de alta no censo de empresarios, profesionais ou retenedores onde se indique o epígrafe fiscal da actividade e o local afecto a esta.

O comunicante declara baixo a súa responsabilidade

1)	Que son certos cantos datos e manifestacións foron expostos na presente comunicación e documentación que se achega.
2)	Que as características e condicións do local e da actividade seguen sendo as mesmas que as contempladas na licenza ou comunicación previa que se transmite.

Cambre, de de

Asdo.: interesado / representante

Segundo: Expoñela a información pública a través de anuncio a insertar no *Boletín Oficial da Provincia* e no taboleiro de anuncios deste concello polo prazo de trinta días durante o que se poderán presentar as reclamacións e suxestións que se estimen pertinentes, de conformidade cos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local.

De non presentarse ningunha reclamación ou suxestión, esta ordenanza considerarase aprobada definitivamente, de acordo co artigo 49 da Lei 7/1985 indicada.

2.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Este punto non foi utilizado.

3. PARTE DECLARATIVA

3.1. Declaracións institucionais

Este punto non foi utilizado.

3.2. Mocións dos grupos municipais

Antes de votar a urxencia, don Felipe Andreu Barallobre, voceiro do PP, di que quere explicar porque el non vai dar lectura do contido da moción. Di que esta é unha moción que presenta a Asociación de veciños de Meixigo despois dunha longa ou bastante longa loita por conseguir o que se contén nela. Dentro da Corporación teñen a sorte, a fortuna, de contar co secretario desa asociación, entón por cortesía, como a moción está presentada pola asociación, gustaríalle que don Daniel Carballada, compañeiro do BNG, dera lectura á moción, se o ten a ben, e despois fan o debate.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación a instancia da Asociación de veciños Palco de Meixigo co fin de impulsar a incorporación ao patrimonio municipal dos terreos e infraestruturas situados no lugar de Meixigo, Cambre

Don Daniel Carballada Rodríguez, concelleiro do BNG, dá lectura ao escrito presentado pola Asociación de veciños Palco de Meixigo, rexistrado de entrada ao núm. 0/634 o día 23 de xaneiro de 2015. Consta do seguinte teor literal:

“Por iniciativa da directiva e aprobación da Asemblea Xeral, a Asociación veciñal “O Palco” de Meixigo quere dar traslado ao conxunto de grupos municipais da Corporación de Cambre e ao seu equipo de goberno da presente iniciativa para, tomando forma de moción, impulsar a incorporación ao patrimonio público municipal de Cambre dos terreos e infraestruturas asentadas en terreos baldíos situados nas inmediacións do Souto, centro neuráxico do lugar de Meixigo, incluso na parroquia de Cambre, ámbito de actuación da nosa asociación. As ditas parcelas e locais figuran debidamente referenciados na documentación que acompaña ao presente escrito.

Dende tempo inmemorial o lugar de Meixigo conta cunha serie de terreos que sendo (en liñas xerais) respectados nas súas dimensións e usos, tiveron sempre a condición popular de “públicos” ou “comunais”, pertencentes en tal caso á histórica colectividade veciñal.

Así estes terreos foron unicamente empregados para actividades comunitarias (como primitivamente a festa de Corpus, posteriormente renovado ese espazo como pista polideportiva ou o antigo campo de fútbol reconvertido nun pseudo-vertedoiro) e non existen títulos de propiedade efectivos e válidos sobre os terreos en cuestión, coa peculiaridade de si conservar determinadas casas escritas de “postas” de usufruto familiar sobre os antigos castiñeiros do mencionado lugar do Souto.

En tal caso, o certo e verdade a día de hoxe, é que as parcelas nas que se sitúa o campo da chave, a pista polideportiva, o local social e o antigo campo de fútbol, son a efectos legais terreos de baldío, por máis que na mentalidade popular, resultado dunha tradición histórica incontestable, estea instalada a visión de que son terreos “públicos”.

Non é así, pero na Asociación veciñal de Meixigo, gustaríanos que si fose así, que este patrimonio indiscutiblemente comunal e colectivo do lugar de Meixigo, pase a ser propiedade do Concello de Cambre. Consideramos que é a mellor forma de preservar tanto a súa correcta funcionalidade e correcto uso como a súa

propia existencia e integridade; garantindo un uso preferente (en réxime de cesión conforme ao regulado polo propio concello) para os veciños e veciñas de Meixigo, por un lado.

E por outro, ofrecéndolle ao concello a posibilidade de incrementar o seu patrimonio e de dispoñer de novas instalacións para a realización de actividades de interese xeral para o conxunto de Cambre, comprometéndose o concello a facerse cargo da finalización e mantemento das instalacións en cuestión e garantindo que estas nunca van ser obxecto de troco de convenios urbanísticos ou similares que poidan supoñer que estes terreos deixen de prestar servizo ao conxunto de veciños de Meixigo.

No tocante aos bens aos que nos estamos a referir cómpre facer as seguintes aclaracións:

1.- Nos primeiros anos da década dos 90 do século pasado da man desta mesma asociación (legalmente constituída a todos os efectos e debidamente rexistrada tanto a nivel autonómico, como provincial e local) os veciños e veciñas de Meixigo comezaron a construción dun local social. Logo de 15 anos coa obra parada é condición indispensable para esta asociación conseguir a plena legalización da parcela e da edificación. Sabendo que, obrando xa no poder do concello informes técnicos que certifican o bo estado da construción, será preciso realizar un novo proxecto sobre o edificio para adecualo aos usos que se considere sempre baixo a normativa vixente, como paso previo á conclusión da obra, dende a asociación non queremos establecer límites nin períodos temporais para a finalización do local, sabendo que o primordial neste momento é certificar a súa plena legalidade e incorporalo ao patrimonio público de Cambre, preservando urbanisticamente o seu uso como local social.

2.- O antigo campo de fútbol de Meixigo foi obxecto no seu día dun recheo irracional que rematou por inutilizar a parcela e convertela nun sucedáneo de vertedoiro. Dende a asociación esiximos que se impida o almacenamento de madeiras e outros materiais na dita parcela e se proceda puntualmente a unha limpeza dela e se garanta urbanisticamente o seu uso para actividades deportivas e de lecer.

3.- Incidir na necesidade de solucionar de xeito inmediato o problema de humidades no coñecido como “Palco de Meixigo”, volvéndoo a dotar tan pronto como fose posible, do teito ou viseira que dá sentido ao seu popular nome.

Consideramos esta proposta, formulada desde a boa fe, baseada en sólidos principios de confianza na Administración local, no Concello de Cambre, como unha proposta fundamentalmente xusta, beneficios para Meixigo e para o conxunto de Cambre, encamiñada a buscar unha solución a un problema de décadas que constituíu todo un agravio histórico para o lugar de Meixigo.

Hoxe, dende a Asociación “O Palco” de Meixigo, achegamos esta proposta á Corporación municipal de Cambre coa firme intención de emendar os erros do pasado e comezar a construír os acertos que cimenten un futuro mellor.”

A Sra. secretaria intervén para preguntar como recolle na acta este escrito presentado pola asociación, como moción de que grupo.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que como moción súa, do concelleiro de Patrimonio. A continuación explica que haberá aproximadamente catro meses, máis ou menos, ben é certo que uns meses antes tiveran unha reunión previa co Sr. alcalde, pero hai catro meses aproximadamente, a Asociación de veciños de Meixigo púxose en contacto con el para intentar regularizar a situación, para contarlle un pouco a historia desas tres parcelas, a problemática que houbo historicamente con elas, que cre que está perfectamente resumida no texto da moción, e para intentar encamiñar a situación e buscarlle unha solución definitiva ao problema.

O certo é que ben se podería entender que os terreos son de baldío, pero o certo é que o único título, por así chamalo, que tampouco é un título, é o que ten o Concello de Cambre no Catastro dende o ano 56. O Catastro histórico si que contempla que esas tres parcelas forman parte do patrimonio do Concello de Cambre, esa é unha situación básica. A partir dese momento o que decidiron foi facer un levantamento topográfico para deixar constancia dos límites actuais, porque transcorrido tanto tempo, efectivamente houbo variacións, pero querían deixar constancia dos límites actuais dos terreos. Unha vez feito iso encargaron un informe para coñecer o estado da edificación, porque despois de 15 anos ou incluso máis anos parada a obra, podería alguén ter a sospeita de que xa non servira para o fin para o que estaba previsto. O informe é totalmente favorable, o que lles permitirá tamén no seu momento incluír non só as parcelas, senón tamén a edificación, dentro do patrimonio municipal, e actuar no senso no que se pide nesta moción.

Despois diso, un dos condicionantes que lle quixo transmitir á directiva da asociación é que isto tiña que ter certo respaldo, e niso eles estaban totalmente de acordo coa directiva da asociación, que tiña que ter certo respaldo da propia asemblea da asociación de veciños, dos propios veciños de Meixigo. E así foi, tiveron unha reunión este mesmo mes, haberá tres semanas ou dúas semanas e media, onde os veciños de Meixigo que estaban presentes na reunión decidiron, non autorizar, pero si amosar a súa conformidade con que se iniciaran os trámites para incorporar as tres parcelas e o edificio que comezaron a facer dende a asociación de veciños, xa nos anos 90, incorporalo definitivamente ao patrimonio municipal.

Expón que iso é un pouco o que se trae aquí a iniciativa da asociación de veciños. Pensa que o que querían acadar dende a propia asociación é que todos os grupos que conforman a Corporación se pronuncien sobre este asunto, e se finalmente a moción obtén a maioría dos votos, o compromiso unánime de todos os grupos da Corporación para que definitivamente se lle poña solución a un problema que vén herdado dende hai bastantes anos. Conclúe dicindo que, por suposto, están totalmente de acordo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, manifesta que, en principio, non poden máis que dicir que están absolutamente de acordo coa solicitude que se fai por parte da Asociación veciñal O Palco, apóiana na súa totalidade. Pero o que si botan en falta, e gustaríalles saber, tendo en conta que isto se formula como unha moción por parte do Goberno municipal, en concreto polo concelleiro de Réxime Interior e Patrimonio, é cales son as propostas de acordo que se van adoptar, porque aquí, con independencia do que manifestou agora o Sr. Andreu, hai outras peticións sobre as que non se teñen feito ningunha consideración, en concreto a limpeza do antigo campo de fútbol de Meixigo e tamén as humidades no palco de Meixigo. Di que non estaría de máis que aclararan as propostas de acordo que en concreto se queren achegar con este texto da exposición de motivos, en canto aos compromisos que se van adquirir por parte da Corporación, para que os grupos saiban o que apoian, e dende logo por parte do Goberno municipal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre expón que nesa reunión, evidentemente el non pode adquirir compromisos en nome da Corporación, el pode adquirir compromisos en nome do Goberno. Pois en nome do Goberno, o que se lle trasladou dende a asociación de veciños, e ao cal el lle prestou a súa conformidade, era que a obra que máis présa lles corre, evidentemente, son as humidades que ten o edificio ou habitáculo que está debaixo do que era o antigo palco, que é o habitáculo que utilizan os xogadores da chave para gardar o seu material. Para iso eles xa teñen encargado un proxecto, para saber canto lles custaría facer esa reparación, xa está feito.

O segundo dos compromisos que adquiriron é contratar o proxecto para finalizar a obra edificadora dese centro social. Evidentemente iso teñen que facelo, teñen que cuantificalo e supón que tamén terán que orzamentalo, e a obra dependerá da dispoñibilidade orzamentaria nos vindeiros anos. Diso son perfectamente conscientes na asociación, así llelo trasladaron. Eles o que queren é que se lle poña rumbo a isto, non que se fagan as cousas de forma inmediata, e el tampouco se comprometeu a facer as cousas de forma inmediata, simplemente en función da dispoñibilidade orzamentaria ir facéndoa. Primeiro o máis urxente, que é regularizar a situación da propiedade das parcelas, unha vez regularizada a situación da propiedade das parcelas intentar solucionar o

problema que teñen cos vertidos que se teñen producido e seguen a producirse na parcela do campo de fútbol. De feito onte o concelleiro do BNG chamounos e puxo en alerta ao Goberno por un vertido de materiais de construción, cre que era nesa mesma parcela. Eles no mesmo momento chamaron á Policía, e se lles di a verdade tampouco sabe se os conseguiron identificar ou non, pero nese mesmo momento chamouse á Policía para que actuara e fora ata alí a ver se conseguía localizar á xente que o estaba facendo. E, unha vez feito iso, facer o proxecto, para cando teñan a oportunidade orzamentaria e teñan os recursos, rematar a obra de edificación do centro social.

Explica que, evidentemente, unha vez que se remate a obra, a asociación de veciños o que pretende é que os usos que se lle dean ás tres parcelas sexan usos para a veciñanza, sexan usos para que os veciños poidan beneficiarse das instalacións e dos equipamentos que se fagan alí. E esquecíasele outra cousa, que é facer outra vez a viseira que nun momento se quitou, a tradicional viseira que tiña o palco da música de Meixigo.

Conclúe dicindo que, entón, os compromisos que teñen son os de ir encamiñando o asunto. O primeiro paso é regularizar a propiedade e, a partir de aí, empezar a facer proxectos e intentar solucionar as cousas, pouco a pouco. Eses son os compromisos.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que ben, que algo máis se lles aclara, pero que non tivera estado de máis que se presentara xa unha moción, consensuada con todos os grupos, chegado o caso, ou unha proposta como a que está facendo agora, por escrito, para que todos tiveran claro cales son as propostas de acordo que van levar con esta moción, e que el, polo que lle entendeu, serían primeiro a execución de obras debaixo do palco.

Don Felipe Andreu Barallobre intervén para dicir que primeiro sería o tema da propiedade.

Don Augusto Rey Moreno dille que ben, pero que el vai dicilo pola orde que dixo o Sr. concelleiro, despois xa chegará aí. Segundo contratar o proxecto da edificación, terceiro a regularización da propiedade da parcela. Neste punto, segundo o informe que consta no expediente, realizado pola secretaria municipal, fala de dous procedementos, un que sería o procedemento de inmatriculación a teor do artigo 199 da Lei hipotecaria, os expedientes de dominio nunha palabra, e outro que parece que puidera ser máis rápido, segundo manifesta a secretaria, que é a incorporación na súa totalidade dese inmovible coa edificación ao documento que están pendentes de aprobar, que é o inventario do patrimonio da Corporación. Di que aí tamén habería que dicir cal desas dúas opcións se vai poñer en marcha ou se vai adoptar por parte do Goberno municipal.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre contesta que non é unha cuestión que estea resolta aínda, o que si saben é que o que queren conseguir definitivamente é que se inscriba no Rexistro da Propiedade a titularidade desas tres parcelas e do inmovible, iso é o que queren conseguir, e tamén o que queren conseguir é que no Inventario de bens do Concello de Cambre aparezan eses tres terreos e apareza o inmovible cos usos definidos e comprometidos coa asociación, porque no inventario defíniranse os usos.

O que terán que ver, se teñen o compromiso de todos os grupos da Corporación, e cando se senten a falar do tema do inventario e ver as posibilidades que hai, reais...

Interrompe o Sr. alcalde para dicir que cre que nese punto están mesturando varias cousas e quen mellor pode iluminalos neste caso é a Sra. secretaria, á cal dálle a palabra, porque xa di que se están mesturando os dous termos legais.

Concedida a palabra á secretaria da Corporación, explica que á vista das exposicións do equipo de goberno e da oposición ela cre que hai que clarificar dúas cousas. Primeiro, que isto en realidade non é unha moción, pero que se a asume o Sr. concelleiro como tal, menos mal que se tratou dentro do punto de mocións dos grupos municipais. Iso quere dicir que isto non é competencia do pleno.

O que se está tratando aquí en realidade é que o concello acepte a cesión dun inmovible, que é o edificio, é unha cesión. En realidade é do que se trata aquí, nese escrito que presentou a asociación. Sería unha cesión e, como tal cesión, a competencia é do Sr. alcalde ou do concelleiro delegado, é dicir, isto non ten que vir a pleno.

Expón que por iso aínda que se aprobe aquí no pleno o que cheguen a aprobar, o órgano competente vai ser o Sr. concelleiro, ou sexa, que vai ter que tramitar o expediente de cesión do inmovible. Iso require unha certificación da asemblea, que non sabe nos estatutos que é o que pon, se é por maioría, se é por unanimidade, se non o é, etc., pero é o que hai que tramitar. É dicir, hai que facer un expediente que non é de pleno, senón que é do Sr. concelleiro de Patrimonio, sen prexuízo de que se teña traído aquí ao pleno. Entón, ese expediente é distinto, aínda que eles acorden aquí o que estimen oportuno, é competencia do Sr. concelleiro.

Por outro lado, á vista do que estaban dicindo, quere dicir que xa no inventario que está elaborado dende o ano 2012 figuran os tres terreos, ao igual que o palco, que no inventario xa figura a nome do concello, o campo de chave, máis a pista. De feito, todo iso foron obras que se fixeron co Fondo Estatal de Inversión Local do ano 2009, ou sexa, xa as fixo o propio concello e xa están incluídas nese inventario. Por iso era o da famosa inmatriculación, comentáronlle ao Sr. concelleiro que era máis rápido traer o inventario de bens, que xa está feito e que esta sen revisar. Traelo xa, porque iso xa está, sería cunha certificación do secretario de conforme está incluído no inventario de bens, e xa se rexistraría no Rexistro da Propiedade.

Explica que o que non se rexistraría sería a cesión do edificio, que efectivamente polos datos que obran no concello é un edificio que comezou a construír a propia asociación. Entón, claro, o edificio sería deles, pero se o están cedendo agora, non habería ningún problema, tramitaríase o expediente polo Sr. concelleiro de Patrimonio e non habería ningún problema.

En canto ao campo de fútbol xa está no inventario, e o que é o terreo onde está o edificio xa está a nome do concello, no propio inventario. O edificio, non. E, efectivamente, se o edificio o fixeron os membros da asociación de veciños, para incluílo no inventario habería que aceptar a cesión. Ese sería un expediente a posteriori do Sr. concelleiro.

Quere dicilo, para que quede claro que, aínda que o aproben aquí, haberá que facer outro expediente polo Sr. concelleiro e haberá que completalo, claro, porque con isto só, así tal cal, pois non se pode aceptar unha cesión, cun escrito onde teñen aprobado a cesión. Simplemente iso, para que non haxa equívocos.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre sinala que está ben que o teña matizado a Sra. secretaria, porque cre que nin Dani nin el se lembraron de dicir que isto, efectivamente, lévase á parte non resolutive porque non é competencia do Pleno, aquí o que se pretende, e o que pretende a asociación, que foi o que lle trasladaron e por iso el acolleu a moción, é que haxa un pronunciamento puramente político, pero as competencias para solucionar todo este problema tenas o Goberno, non as ten o Pleno. O que se persigue é que haxa un pronunciamento político, porque dentro de poucas datas teñen un proceso electoral e, evidentemente, dentro duns meses poderá estar este Goberno ou poderá non estar. Eles o que queren é que haxa ese pronunciamento político.

Conclúe dicindo que está ben que o teña matizado a secretaria, porque el tiña previsto dicilo, e ao final non o dixo.

Concedida a palabra a don Augusto Rey Moreno manifesta que, unha vez aclarado en parte este tema, o que queren dicir é que apoian que polo Goberno municipal se leven a cabo estas iniciativas para conseguir a propiedade, neste caso tamén levando a cabo a cesión do edificio que tería que facer a asociación. E tamén demandan que ese compromiso de levar a cabo a reforma do edificio e que se poña a disposición dos veciños, se poida levar a cabo á maior brevidade.

Conclúe dicindo que niso están de acordo e van apoiar a iniciativa.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que a eles en principio gustaríalles dicir que se como dixo o Sr. Felipe Andreu o primeiro que van facer, ou intentarán facer, é contratar o proxecto, pois o que dixeron no punto anterior, que se é posible e é de menos de 5.000 euros, que o contrate cun arquitecto de Cambre, se é posible.

En canto ao inventario de bens que dixo a secretaria que xa está listo, quería preguntar se no pleno do próximo mes de febreiro podería vir.

A secretaria municipal contesta que non o sabe, porque precisamente revisando as fichas que están feitas, nalgunhas das fichas do inventario hai equivocacións de metros, que copiaron do Catastro, pero mal copiado, e como a técnica está dedicada a outras materias dende hai un tempo, no mes de febreiro o máis seguro é que non, pero en marzo pode vir.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que, por último, felicita á Asociación “O Palco” de Meixigo polo traballo feito, dálles a en hora boa.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que o seu compromiso na defensa dos intereses dos veciños de Meixigo foi e será sempre decidido, para que dunha vez por todas se constrúan unhas instalacións dignas para o goce dos veciños de Meixigo. Cre que este é un primeiro paso que se está dando, e iso ten que ir acompañado dun proxecto e, evidentemente, despois o proxecto ten que vir acompañado duns orzamentos, porque de momento non saben nada de como se vai construír nin de onde vai saír o diñeiro. Agarda que nos próximos orzamentos vaia unha partida para executar esas obras.

Tamén quere dicir que este non é un problema novo, este é un problema que vén de moitísimos anos atrás. Concretamente no ano 2008 o grupo municipal de EU presentaba unha proposta, aquí no pleno, respecto do proxecto Arume, para acondicionamento dos espazos públicos e rehabilitación do local construído a medias. Iso no ano 2008.

Posteriormente, o que dicía o Sr. Andreu antes respecto das humidades. No ano 2013 o grupo municipal de EU presentou tres veces consecutivas en distintos plenos peticións para que se arranxaran as humidades do palco, que se cortaran as mimosas que están enriba e se solucionaran outros danos que había nesas instalacións. Non se lles fixo ningún caso, a pesar das promesas feitas polo concelleiro de Deportes aquí no pleno. A ver se agora dunha vez por todas, porque dicía o Sr. Andreu que o máis urxente era arranxar as humidades, a ver se é certo e se leva a cabo.

Conclúe dicindo que el, ao igual que os seus compañeiros, felicita a iniciativa da Asociación de veciños de Meixigo, a colaboración manifestada polo concelleiro do BNG e tamén bota en falta que aos grupos da oposición non se lles presentara unha moción en debidas condicións, aprobada por todos aquí, por unanimidade.

Concedida a palabra a don Daniel Carballada Rodríguez manifesta que, comezando polo final, e na medida do que a el lle toca, aclarar que iso non é responsabilidade da Asociación de veciños de Meixigo, é dicir, se non se trasladou, conforme a quen o poida estimar, ao conxunto de grupos municipais en tempo e forma, non foi dende logo polo que fixo a Asociación de veciños de Meixigo, que di claramente no cabeceiro da súa moción “Ao coidado do Sr. alcalde e do conxunto da Corporación municipal do Concello de Cambre”. Pide que fiquen isto claro, porque podía non quedar claro.

Continúa dicindo que eles loxicamente van votar a prol desta moción e na medida do posible nesta intervención, que procurará que sexa breve, quere aclarar unha serie de cuestións sobre o que aquí se dixo. Primeiro, sobre a

pregunta de se isto ten que vir a pleno, efectivamente non, entón, por que vén a pleno?, por iniciativa da propia asociación de veciños, porque a asociación de veciños ten, chámese politicamente ou polo que sexa, a decisión, a determinación de achegar isto ao conxunto de grupos municipais. A competencia de incoar un expediente de apropiación dunhas propiedades a nome do concello é do Sr. alcalde, que pode delegar nun concelleiro que teña asumidas esas competencias, pero é competencia única e exclusiva do Goberno municipal, non obstante eles quixeron traelo ao pleno, a Asociación de veciños de Meixigo quixo traelo a pleno para que o conxunto de forzas políticas municipais se pronunciase, porque lles interesa un pronunciamento do conxunto de forzas políticas municipais, porque hoxe gobernan uns e mañá poden gobernar outros. Nese sentido xa eran en todo momento conscientes de que para iniciar o proceso de inmatriculación, ben ad hoc, ben dentro do conxunto do catálogo de bens mobles e inmobles do Concello de Cambre, non era necesario traelo a pleno. Pero querían traelo, por un lado para testar a opinión do conxunto de grupos municipais, e por outro para facer partícipes a eses mesmos grupos municipais, á Corporación de Cambre e a todos os veciños de Cambre de cal é a intención da Asociación de veciños de Meixigo.

E el, nese sentido, xa como concelleiro do BNG, defende total e absolutamente o procedemento empregado, porque busca incorporar patrimonio público, porque amosa unha asociación que está viva, que nace da vontade dos veciños e das veciñas e confía na administración municipal, que é a máis próxima ao cidadán. Faino, loxicamente, a cambio dunha serie de compromisos que saben que aínda que se recollan de maneira sucinta e xenérica neste documento, despois vanse ter que plasmar, paso por paso, na incoación dos correspondentes expedientes.

Nese sentido eles entenden que ten a súa utilidade traelo a pleno, por suposto que si, e fíxose ademais atendendo ás indicacións dadas polo Goberno municipal en todo momento, co maior dos rigores, buscando a maior participación e o maior consenso que fora posible, e tamén o di, cunha grande elegancia e cunha enorme responsabilidade de non buscar, de non remexer no pasado sobre cuestións que afectan especialmente a ese local social, a esa casa do pobo, chámese como queira, de Meixigo.

Polo tanto, o que teñen hoxe aquí é o ofrecemento, a comunicación dunha asociación que se pon en contacto co concello para dicirlle que en Meixigo hai un problema histórico, de máis de vinte anos, que ningún Goberno municipal, e pasaron de varias cores ou de varias composicións, soubo resolver, e pedirlle que fagan o posible por resolvelo. Se son efectivamente terreos de baldío e se poden incorporar ao patrimonio público, pide que se faga.

Evidentemente pode haber unha metodoloxía que sexa quizais a máis sinxela, incorporalo a ese catálogo que está feito dende o ano 2012. Está feito dende o ano 2012, pero non saben por que non se acaba de aprobar, dende logo é algo que non lle compete a unha asociación de veciños dunha parroquia. E dende logo, si hai un baleiro aí moi importante, porque víase claramente que non se recollía ese local social, que é por así dicilo a nai de todas as batallas.

Con todo, xa di que el cre que ben está o que ben acaba, oxalá se hai máis casos similares no Concello de Cambre, de terreos de baldío ou de asociacións que teñen propiedades e non poden facerse cargo efectivo delas e mantelas como é debido, poidan chegar a este tipo de acordos razoados coa administración local. Todo isto ten un respaldo veciñal detrás moi importante. Facía mención o concelleiro de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, Felipe Andreu, á asistencia que tivo o pasado 10 de xaneiro a unha xuntanza en Meixigo, e dixo ben, houbo un apoio maioritario, había dúas persoas que amosaban as súas reticencias, pero onte tiveron unha nova reunión para sacar o tema cun apoio unánime, porque lles gusta que isto sexa da maneira máis participativa posible. Realmente cren que están facendo un bo servizo para Meixigo e un bo servizo para Cambre, porque cómpre non esquecer, e iso é unha cuestión fundamental, que esas instalacións van ser do Concello de Cambre, e a Asociación de Meixigo ou a xente da chave poderán facer un uso delas de xeito preferente, como se regulan en San Lourenzo, en Lema, en calquera parroquia de Cambre para calquera asociación parroquial de referencia desa parroquia, por suposto que si, pero a maiores vai ter un uso público para o conxunto do Concello de

Cambre, para actividades que o Concello de Cambre igual a día de hoxe non ten onde situar, pois que poida facer uso dunhas instalacións que van ser súas.

E loxicamente, el concorda plenamente co Goberno municipal no exposto. O que procede primeiramente é escrituralo a nome do concello, blindalas parcelas urbanisticamente, e despois acometer unha serie de melloras, que a ningún membro desta Corporación lle pillan de sorpresa, porque sexa o BNG ou nomeadamente, e el non ten ningún problema en dicilo e recoñecelo publicamente, o grupo municipal de EU, que ten traído aquí o tema numerosas veces, pois é coñecido por todos como está o palco de Meixigo e os problemas que ten de humidades.

Logo a redacción dun proxecto de finalización da casa, e dicía o voceiro de UxC, Óscar García Patiño, que a ver se non o fai o arquitecto do que falaram. Xa non se trata soamente diso, pide que se faga coa participación da xente, que o que se vaia facer alí, onde se pon a rampla, onde non, se vai haber un espazo diáfano, se non, se tal, que se faga coa interlocución da asociación de veciños e co conxunto de grupos municipais.

El insiste, a el tocoulle participar nesta Corporación coa lexislatura xa empezada. Está a lexislatura a punto de rematar e el aspira a algunhas cousas nas que pasarán os anos e a xente dirá, pois mira, naquela lexislatura polo menos entre todos, porque o fan entre todos, solucionaron un problema que levaba quince anos que ninguén quería mirar para el, porque a todos os grupos, cando chegou a campaña electoral, se lles caía das mans ver o que pasaba con eses terreos en Meixigo, e o que se fixo con eses terreos públicos en Meixigo. Polo tanto, el cre que neste momento están no bo camiño, celebra a unanimidade do pleno e adiante, máis nada.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que, en primeiro lugar, está totalmente de acordo coa proposta que se trae a este pleno. O máis importante agora mesmo é regularizar a propiedade desas parcelas, e non quere deixar pasar a ocasión de salientar o gran labor realizado polos veciños de Meixigo, pola asociación de veciños do Palco de Meixigo. Cre que o seu traballo e dedicación conxunta polo ben dos veciños é digna de eloxiar, e representa un reflexo de harmonía, de capacidade de traballo e de colaboración deses veciños na consecución do seu proxecto.

El tampouco quere deixar pasar a oportunidade de mencionar os inicios da construción dese local social, e das distintas persoas que traballaron e colaboraron na súa materialización e, sobre todo, por desgraza dalgunhas persoas que xa non están. Debe representar un orgullo para todos os veciños e para todo o pobo de Cambre.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, acordou amosar o seu apoio á demanda formulada pola Asociación veciñal de Meixigo, co fin de poñer en marcha os trámites necesarios para incorporar ao patrimonio do Concello de Cambre os terreos e infraestruturas situadas no lugar de Meixigo, Cambre, co compromiso de facerse cargo da finalización e mantemento das instalacións en cuestión e garantir o uso preferente dos veciños e veciñas de Meixigo, sen prexuízo da realización de actividades de interese xeral para o conxunto de Cambre.

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de EU. Votan a prol da urxencia os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de Progresistas de Cambre, integrante do GM.

Así pois, a Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que antes de dar lectura á moción presentada, e volvendo ao tema que lles ocupaba, agora que están na parte declarativa pide a palabra para poder ler unha declaración que quere que conste en acta. Dille á Sra. secretaria que era un erro seu, era o artigo 130.1 e equivocábase na letra, era a letra g).

O Sr. alcalde dálle a palabra á concelleira de EU co fin de que dea lectura á súa declaración, que consta do seguinte teor literal:

“Eu, María Olga Santos López, concelleira do grupo municipal de EU de Cambre quero manifestar:

1.- O meu máis profundo agradecemento ás compañeiras e compañeiros de Corporación dos Socialistas de Cambre, de Unión por Cambre e do BNG, así como ao meu compañeiro e amigo Luis Taibo, pola súa mostra de solidariedade durante o pleno ordinario do mes de decembro de 2014, cando fun expulsada polo alcalde de Cambre, polo que el considerou descualificación, e eu manteño nos mesmos termos.

2.- A miña repulsa cara á actuación do alcalde, que nunha mostra máis da súa irrespectuosidade ao Regulamento orgánico municipal, non me chamou á orde en tres ocasións, nin me fixo advertencia de ningún tipo, senón que directamente e eludindo a aplicación do artigo 130 ao que fixen referencia, procedeu a expulsarme do salón de plenos.

3.- Por último quero manifestar as miñas desculpas aos compañeiros da Corporación, que como consecuencia desta nefasta actuación do alcalde, e en mostra da súa solidariedade coa tan nomeada ultimamente liberdade de expresión, tiveron que renunciar a formular os rogos e preguntas que tiñan presentado en tempo e forma para o seu tratamento no pleno de decembro, porque decidiron acompañarme na saída.

Descúlpome con eles, porque non souben reaccionar ante tamaña actuación despótica, e abandonei un salón de plenos, nun momento, e cunhas formas, que regulamentariamente me terían permitido permanecer sentada. Pretendo deixar constancia que aínda que o coidaba imposible, o alcalde conseguiu sorprendeme actuando de xeito contrario ás normas do concello, e recoñezo que non souben reaccionar, algo que indirectamente prexudicou aos meus compañeiros dos grupos anteriormente mencionados.

4.- EU seguirá ata o fin desta lexislatura exercendo a súa liberdade de expresión, sen descualificacións, si con cualificacións. En ningún momento descualifiquei a ninguén, porque para descualificarse non me necesitan a min, o fan sós. A nosa liberdade de expresión non vai ser coartada por ninguén, seguiremos denunciando aquilo no que cremos e polo que loitamos aínda a risco de ser amordazados.”

A continuación, dona M^a Olga Santos López dá lectura á moción presentada polo seu grupo.

B) Moción do grupo municipal de EU sobre a elaboración dun proxecto para o cerramento do pavillón polideportivo do colexio Portofaro

Rexistrada de entrada ao núm. 0/643 o día 24 de xaneiro de 2015, xunto cos rogos e preguntas presentados para este pleno. Consta do seguinte teor literal:

“Un sistema educativo de calidade implica, entre outros factores, que as infraestruturas escolares dispoñan das mellores condicións de uso para a súa utilización.

Entre os problemas que é necesario atender respecto do anterior, atópanse os relacionados coas instalacións deportivas, para facilitar a práctica do deporte en distintos niveis e modalidades, para os escolares do centro de ensino.

No colexio Portofaro, existen instalacións deportivas cubertas, que limitan dunha maneira importante a práctica deportiva e doutros eventos relacionados co ocio. A xuízo do noso grupo, o concello debería aproveitar os investimentos realizadas con anterioridade, para poder facer rendible o seu uso coa maior efectividade.

Fronte a esta realidade o noso grupo municipal, amósase decidido partidario dun compromiso firme por parte do concello, para intervir no problema, mediante unha iniciativa política clara, e dar unha resposta a unha necesidade longamente demandada.

Polo exposto, o grupo municipal de Esquerda Unida propón ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Único: O Pleno da Corporación encomenda ao Goberno municipal a tarefa de elaborar un proxecto para dotar o pavillón polideportivo do colexio Portofaro dun cerramento perimetral, co fin de permitir o desenvolvemento das actividades propias da instalación, con independencia das condicións climatolóxicas.”

Concedida a palabra a don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, manifesta que vaia por diante que evidentemente o voto do grupo de goberno vai ser favorable, máxime tendo en conta que xa teñen contemplado a posibilidade de pechar esa instalación que se inaugurou estando este grupo de goberno na Corporación, co fin de mellorar máis se cabe a instalación deportiva do colexio Portofaro.

Concedida a palabra a don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que dende o grupo municipal socialista quere dicir aos compañeiros de EU que van votar, como non pode ser doutro modo, favorablemente á moción. Si botan en falta, dito sen acritude, que na proposta de acordo se puidera recoller a posibilidade de que as administracións con competencia nesta materia puidesen cofinanciar a obra que promove esta iniciativa. En calquera caso o seu voto é favorable.

Concedida a palabra a don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que eles están totalmente de acordo. O seu voto tamén é favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Victoria Amor Prieto, voceira do BNG, manifesta que dende o seu grupo van votar a prol.

Concedida a palabra a don José Antonio Baamonde López, concelleiro de PdeC, manifesta que o seu voto tamén vai ser favorable.

Concedida a palabra a dona M^a Olga Santos López agradece a todos o seu apoio. Di que isto é algo bo para os nenos, bo para todos, simplemente indicar que dende logo non teñen ningún tipo de problema, como non pode ser doutra forma, en incluír esa puntualización, ademais si é certo que calquera tipo de subvención ou de axuda que poida paliar ese efecto económico no concello, benvida sexa, evidentemente, e ese proxecto poderíase presentar de feito ante outras administracións.

Tamén sinalar que dende Alternativa Galega de Esquerda (AGE) teñen presentada unha emenda aos orzamentos da Xunta de Galicia, precisamente por este tema.

Sometido o asunto a votación ordinaria, votan a prol os sete concelleiros do PP, os cinco concelleiros do PSdeG-PSOE, os tres concelleiros de UxC, os dous concelleiros de EU, os dous concelleiros do BNG e o concelleiro de PdeC, integrante do GM.

A Corporación, por unanimidade dos vinte concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción coa inclusión na parte dispositiva da proposta formulada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, quedando redactada tal e como se transcribe a continuación:

Único: O Pleno da Corporación encomenda ao Goberno municipal a tarefa de elaborar un proxecto para dotar o pavillón polideportivo do colexio Portofaro dun cerramento perimetral, co fin de permitir o desenvolvemento das actividades propias da instalación, con independencia das condicións climatolóxicas, así como buscar a colaboración do resto de administracións públicas para o cofinanciamento desta iniciativa.

4. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

4.1. Informes do equipo de goberno

De orde do Sr. presidente, a secretaria da Corporación dá conta do seguinte asunto:

- Do escrito rexistrado de entrada ao núm. 0/382 o día 15 de xaneiro de 2015, procedente da Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, Delegación de Economía e Facenda de Galicia, Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que consta do seguinte teor literal:

“Mediante acordo adoptado polo Pleno da Corporación de Cambre, en sesión extraordinaria de data 27 de outubro de 2014, aprobouse a ‘Moción declarativa sobre a necesidade de instar á Dirección Xeral do Catastro para que proceda á anulación do proceso de revisión de valores catastrais en Cambre’, a cuxo respecto ten que indicarse o seguinte:

O procedemento de valoración colectiva xeral (revisión catastral) do municipio de Cambre iniciouse coa elaboración da correspondente ponencia total de valores aprobada por Resolución da directora xeral do Catastro do 17 de xuño de 2014 (BOP do 25 de xuño de 2014), que foi redactada conforme coa normativa vixente. Mediante este procedemento, iniciado a instancia dese concello, axustáronse os valores catastrais aos valores de mercado situándose no entorno do 50% estes. Ademais, a resultas deste procedemento téñense incorporado no Catastro numerosas construcións, reclasificáronse como de natureza rústica a aqueles solos de natureza urbana que non dispoñían de planeamento de desenvolvemento, e igualmente, tense efectuado unha corrección na aplicación do coeficiente de antigüidade das construcións respecto da anterior ponencia de 1998 e téñense coordinado correctamente as zonas de valor do municipio tendo en conta a dinámica do mercado inmobiliario desde a aprobación da vixente ponencia do municipio.

Durante o proceso de elaboración da ponencia de valores, esta foi obxecto dun informe favorable do concello, sometida ao trámite de consulta e alegacións, e unha vez aprobada, publicouse no Boletín Oficial da Provincia sen que contra ela se interpuxera recurso ou reclamación ningunha. Posteriormente iniciouse o período de notificación individualizada dos valores catastrais resultantes da aplicación da citada ponencia, que poden ser obxecto de recurso ou de reclamación económico-administrativa dentro do prazo establecido para iso.

De iso se deduce, que a ponencia de valores de Cambre é un acto firme ditado e aprobado de acordo ao procedemento previsto pola normativa, non procedendo a anulación dela segundo a petición formulada na moción aprobada polo Concello dese municipio. Todo iso con independencia das actuacións que os particulares poidan exercer ante a Administración, con motivo da notificación individualizada dos novos valores catastrais ao obxecto de solicitar a rectificación de cantos datos físicos, xurídicos ou económicos se requira.”

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, solicita que se lles faga chegar unha copia do escrito.

O Sr. alcalde contesta que naturalmente se lles dará.

Así mesmo, a secretaria da Corporación engade que se transcribirá integramente na acta o contido do escrito recibido.

4.2. Rogos

O Sr. alcalde explica que aquí van ter un pequeno problema pola falta do Sr. Marante, quen tiña preparada a resposta dalgúns destes rogos e dalgunhas das preguntas, porque case todas son de obras e servizos. El non tivo tempo a preparalas porque o Sr. Marante chamouno ás sete da tarde para dicirlle que non podía vir ao pleno. Di que non sabe se esas preguntas queren que as conteste no vindeiro pleno ou que as conteste por escrito.

Don Augusto Rey Moreno, voceiro do PSdeG-PSOE, responde que se len e as que non estea o concelleiro, contéstanse por escrito.

Rogos do PSdeG-PSOE presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/638 o día 24 de xaneiro de 2015, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º No camiño municipal de Socampo, á altura da casa en situación de ruína, número 8, a maleza e a terra ten cubertos os rexistros de pluviais, nunha extensión duns trinta metros, o que ocasiona que en días de choiva as augas discorran por riba do asfalto do mencionado vial municipal.

Por todo o manifestado este grupo solicita:

Que se limpe o citado tramo de camiño, co fin de que queden a descuberto os rexistros de pluviais.

O Sr. alcalde manifesta que a isto pode contestarlles, porque cando falou co Sr. Marante díxolle que isto se faría nos vindeiros días.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, expón que por parte do seu grupo e dos veciños que lles manifestaron esta necesidade, agradécenllo.

2º No camiño do Sixto, en dirección a Quintán, á altura da casa co número de policía 7A, os rexistros existentes da rede de saneamento sobresaen sobre o nivel do camiño, constituíndo un perigoso obstáculo para a circulación de vehículos pola zona, existindo, así mesmo, un tramo lateral sen asfaltar.

Por todo o manifestado este grupo solicita:

Que se asfalte o tramo do citado camiño, adecuando a altura dos rexistros de saneamento á altura do vial.

O Sr. alcalde contesta que o Sr. Marante lle dixo que nos vindeiros dez días a brigada de obras xa estaría libre para facer ese traballo, díxolle que contestara isto.

3º A vía situada en San Xoán de Pravio, no tramo que vai dende o cruceiro ata a ponte da autoestrada, foi obxecto no pasado ano de obras do concello relativas á rede de sumidoiros. As obras precisaron da apertura de gabias ao longo de todo o tramo e ao rematar estas o concello limitouse a cubrilas sen renovar o firme de toda a calzada, polo que esta quedou moi irregular, con fochas e aspecto de parcheado. Todo isto fai moi incómoda a circulación por este tramo e a situación agrávase coa choiva.

Por este motivo este grupo presentou xa dúas preguntas en pleno e en comisión (en marzo e xullo do pasado ano respectivamente) obtendo o compromiso do concelleiro de Obras, Sr. Marante, en orde a renovar o firme incluíndo a obra se fora preciso nas obras financiadas polo POS.

Transcorrido xa case un ano dende a presentación das iniciativas por este grupo e ante a inactividade do equipo de goberno, este grupo solicita:

Que se renove o firme da vía "A Calle" situada en San Xoán de Pravio.

O Sr. alcalde indica que a isto non lle pode contestar, que sabe que están incluídas nunha obra do POS que está en contratación. Contestarase por escrito.

Rogos de UxC presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/640 o día 24 de xaneiro de 2015.

Antes de dar lectura aos rogos presentados polo seu grupo, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, manifesta que cando trataron do tema da ordenanza e lle dixo ao Sr. alcalde se tiña pensado responder ás súas peticións por escrito, non lle contestou. Gustaríalle, se é posible, que lle contestara. Pregúntalle se ten pensado contestar aos escritos que fai UxC.

O Sr. alcalde responde que este Goberno ten por costume contestar a todos os escritos que mandan os concelleiros. Tamén lle quere dicir, dende a Alcaldía, e con todo o respecto, que ás veces presenta uns escritos solicitando fotocopias de documentos dos últimos catro anos. El o que lle di é que ninguén lle pechou a porta, pode entrar en calquera departamento deste concello, igual que calquera concelleiro, para revisar esa documentación, porque ter un funcionario facendo fotocopias.... Efectivamente o Sr. voceiro presentou, máis ou menos, non lembra agora, pero entre quince e vinte escritos, e todos se refiren practicamente a solicitar documentación fotocopiada.

Dille que o invita a que veña ao concello, que lle deixan unha cadeira e unha mesa para que poida verificar toda a documentación que estime oportuno. Conclúe dicindo que este Goberno ten por costume contestar, aínda que non lle compete a el persoalmente, a todos os escritos que demandan os concelleiros.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que aos deles, non. Aos deles, non a todos. E di que iso sería unha contestación, e que lla daría como válida, se a contestara por rexistro. Igual que el lle fai as peticións por rexistro, el pode contestarlle por rexistro que ten unha cadeira e unha mesa e os informes para fotocopiar, pero pídlle que polo menos conteste. Non o fixo ata o de agora, e hai moitos que non son fotocopias e non se lles contesta tampouco, e reitera que non son fotocopias. Dille que os contestará, porque é o seu dereito ter esa información, e acabará contestando antes de que acabe a lexislatura, porque é a súa obriga como alcalde, e é competencia dos concelleiros pedilo. O Sr. alcalde terá que contestar, só faltaría.

O Sr. alcalde dille que están no capítulo de rogos e dille o mesmo, segue dicíndolle o mesmo, e faino aquí publicamente, que sempre tivo e sempre terá á súa disposición a información, toda a información. Dille que non o pode obrigar a el como alcalde a facer fotocopias de todos os expedientes e dálle-las a calquera concelleiro. O seu dereito é verificar información, informarse e facer o que queira, pero non ter ao alcalde facendo fotocopias. Iso non o di en ningún sitio, ningún regulamento.

El dille que se quere ver calquera expediente, pode facelo, todos os concelleiros da Corporación teñen a porta aberta, nunca se lle negou ningún expediente a ningún concelleiro, nunca, e esa contestación que lle deu no pleno, contestaralla, e moitas delas xa se lle contestaron, con saída de rexistro. Algunhas xa se contestaron, e se

non lle chegaron, chegaranlle nos vindeiros días, dille que non se preocupe, e que agora, se lle parece, pídelle que vaia ao primeiro rogo que presentou para este pleno.

Don Óscar Alfonso García Patiño manifesta que se preocupa, porque se intenta traballar e presentar rogos para facer o seu labor de oposición, e non llelo dan, pois claro que se preocupa, sénteo moito, e dende logo non pretende que o Sr. alcalde se poña facer fotocopias, xa sabe que non ten tempo para iso, con tantos traballos é imposible que se poña facer unha fotocopia. Non lle pediu en ningún momento que lles dera unha fotocopia ou que lles faga unha fotocopia, poden facela eles mesmos, dille que lles deixe a documentación, pero que llela dea, que non é a fotocopia o que lles ten que dar.

A continuación dá lectura ao primeiro rogo presentado polo grupo de UxC.

1º Despois de coñecer que o traballo realizado pola empresa redactora do PXOM entrou no concello no mes de outubro, e despois de que a concelleira de Urbanismo nos contestase no pleno do mesmo mes, pregamos se nos informe por que non se nos entregou aos grupos da oposición, e cando ten pensado o Goberno municipal entregarnos o traballo para analízalo.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, pregunta, sen ánimo de nada, se o teñen que fotocopiar eles.

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira delegada da Área de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que agarda poder dállelo nun CD, en formato dixital,

Explica que respecto do Plan xeral os técnicos municipais que o están estudando detectaron unha serie de defectos e omisións que se teñen traslado á empresa para que os corrixa. En canto a documentación sexa corrixida entregaráselle a todos os voceiros unha copia do dito documento. Ela agarda que sexa á maior brevidade posible. Estanlle dicindo de que poden telo para este mes de febreiro.

Don Óscar Alfonso García Patiño dille á Sra. concelleira que, con todos os seus respectos, entrou en outubro e en outubro ela díxolles que se estaba encadernando e que se lles ía dar. Agora detectáronse unhas deficiencias, pois di que seguramente verán máis catro ollos que dous, pregunta por que non llelo dan, porque o labor político, á parte dos defectos que poida ter ese traballo, o labor político poden ir facéndoo, porque ao final teñen que consensuar un documento que é o máis importante que teñen no seu municipio nos vindeiros anos. Non puido ser nesta lexislatura e agarda que na vindeira si sexa, pero para iso pide que lles facilite o labor, que lles dea ese documento a toda a oposición para poder traballar sobre el. Di que levan xa catro meses perdidos. Logo xa lles dirán que erros hai, os solucionan todos e acabouse, pero polo menos ir adiantando. Non saben por que dende outubro non se lles dá.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que non se lles deu por iso, porque pretendían que se solucionasen esas omisións que se encontraron por parte dos técnicos, e xa lle di, o que lle teñen manifestado por parte do equipo de redactores é que o terán en febreiro.

2º Pregamos se nos informe de que forma ten contratado o Goberno municipal á empresa que xestiona “Ti fas Cambre”, e canto tempo leva funcionando así.

Dona Marta Mª Vázquez Golpe, concelleira delegada da Área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo explica que está contratado como un contrato menor, atendendo ao criterio do orzamento máis baixo, e actualmente continúa contratado da mesma maneira pola repercusión que tivo esta campaña que comezou sendo unha campaña experimental. Agora mesmo o teñen en fase de contratación, de feito están xa as prescricións técnicas rematadas para sacalo xa.

3º Tendo en conta que o Alcalde nos dixo o mes pasado que dende agosto estamos sen servizo de guindastre, pregamos se nos explique como ten pensado o Goberno municipal solucionar este problema.

O Sr. alcalde explica que sen servizo de guindastre non están, porque cando un vehículo entorpece a saída dun garaxe, ou está en segunda fila, teñen a potestade de chamar a un guindastre, pagarlle, e que retire o vehículo.

O problema, como xa dixo aquí no pleno, expúxoselle ao Consorcio das Mariñas e o Consorcio das Mariñas trasladóullelo ao resto dos concellos que compoñen o Consorcio. Xa conseguiron practicamente toda a documentación, polo menos polo que lle comunica o Consorcio, de varios concellos que dispoñían do servizo de guindastre, porque agora todos os concellos, cre que agás Sada, están cos contratos vencidos, e agardan, polo que lle comentou o xerente do Consorcio, que poida ir ao próximo pleno a aprobación do servizo de guindastre. Conclúe dicindo que ese pleno do Consorcio terá lugar cando o convoque o presidente do Consorcio, porque non ten unha data fixa.

Rogos de EU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 0/643 o día 24 de xaneiro de 2015, xunto coa moción e coas preguntas presentadas para este pleno.

1º Unha das cuestións básicas que deben ter os espazos para a circulación peonil é unha correcta iluminación. O noso grupo municipal xa ten exposto o problema que supón a falta de visibilidade na ponte vella da ría do Burgo.

Pregamos nos informen sobre as medidas previstas para solucionar o problema.

Este rogo contestarase por escrito.

2º Con anterioridade o noso grupo xa ten denunciado a necesidade dun plan preventivo para a revisión e limpeza de sumidoiros e pluviais, co fin de evitar os problemas derivados como consecuencia das deficiencias no mantemento preventivo nas redes de saneamento do concello. Feitos como o ocorrido recentemente en Socampo, veñen producíndose con demasiada frecuencia en distintos lugares polo abandono do equipo de goberno no cumprimento das súas funcións nestes problemas.

Considera o noso grupo que cómpre con urxencia realizar un plan de inspección na rede de sumidoiros, para evitar que sigan producíndose estas situacións, e garantir o servizo nas mellores condicións de hixiene e danos no medio natural.

Por todo o exposto, o noso grupo prega ao Goberno, que coa máxima urxencia, se poña en marcha un plan de revisións na rede de sumidoiros e pluviais dos sistemas públicos do concello, limpando a sucidade acumulada, e se repare en caso necesario, garantindo o bo estado de limpeza e hixiene nas instalacións.

Este rogo contestarase por escrito.

3º O vial que transcorre dende a estrada CP-1706 e AC-214, soporta unha importante circulación. Nas inmediacións da Casillas en Cela, as biondas de protección instaladas no límite coa liña do ferrocarril, presentan un importante estado de deterioración.

Pregamos se adopten as medidas correctoras necesarias para a mellora da seguridade no lugar.

Este rogo contestarase por escrito.

4.3. Preguntas

Preguntas do PSdeG-PSOE presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/638 o día 24 de xaneiro de 2015, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª O Concello de Cambre é propietario de dous equipos desfibriladores destinados a atender situacións de crises cardíacas producidas en prácticas deportivas. Segundo parece estaban destinados a ser instalados nos campos de fútbol municipais utilizados polo Cambre e o Once Caballeros e atopábanse á espera de que, por parte da Concellería de Deportes, se formase ás persoas necesarias para o seu manexo. Transcorrido xa case tres anos nin os equipos están instalados nin se ten formado ao persoal para o seu manexo.

Por todo isto, este grupo pregunta:

Cando se vai formar ao persoal que vai utilizar estes aparatos? e, cando se ten previsto instalalos nos campos de fútbol municipais usados polo Cambre e o Once Caballeros?

Don Fernando Caride Suárez, concelleiro delegado da Área de Deportes, Xuventude e Voluntariado, contesta que o persoal de servizos contratado tanto na instalación da Barcala como na instalación de aquí de Cambre, no Dani Mallo, contan coas capacitacións para poder manexar ese tipo de material. Non se instalaron aínda por un problema administrativo, de competencia entre departamentos, por unha cuestión meramente administrativa solucionada en próximas datas. Agardan que sexan instalados á maior brevidade.

Don Jesús Bao Bouzas, concelleiro do PSdeG-PSOE, pregúntalle se está en disposición de dicirlles que previsión teñen, se vai ser de forma inminente e, en todo caso, antes de que finalice a lexislatura, máis que nada a título orientativo e tamén para que os potenciais beneficiarios o saiban.

Don Fernando Caride Suárez responde que agarda que non haxa potenciais beneficiarios do uso do desfibrilador, pero ben, xa lle di que é un tema administrativo, a instalación é moi sinxela porque é, para entenderse, como unha caixa de primeiros auxilios que vai pegada á parede, entón no momento en que o departamento que desde Deportes entenden que debe facerse responsable o faga, instalarse para que se cubran todas as garantías posibles.

2ª Un dos temas reiterados por este grupo nos seus rogos e preguntas nos últimos anos, é o da aprobación do inventario municipal de bens que, a pesares de estar elaborado fai tempo, non se trae a pleno como sería obrigado. O último despropósito neste tema é que o noso concello ten sido condenado a abonar case 10.000€ por impago á empresa contratada dos traballos realizados. A maiores o que resulta mais vergoñento para todos os cambreses é que o xuíz, na súa resolución, amoesta ao Goberno municipal pola súa desidia no cumprimento das obrigas que tiña contraídas. Ante esta situación, e unha vez mais, este grupo pregunta:

Cando se ten previsto traer á aprobación do pleno municipal o documento do inventario municipal de bens?

Don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro delegado da Área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación, contesta que el se compromete aquí a que cando teña enriba da súa mesa o informe preceptivo que é necesario para a aprobación plenaria deste asunto, ese mesmo día ou o día seguinte convócaos a unha reunión para tratar sobre este asunto, porque é un asunto que vén a pleno e, evidentemente, é unha documentación bastante densa e teñen que analizala con calma e entre todos, para que veña a pleno e se poida aprobar.

Reitera que se compromete a que ao día seguinte, non se pode comprometer ao mesmo día, pero ao día seguinte de que el teña enriba da súa mesa o informe preceptivo, convócaos a todos para unha reunión para tratar este asunto.

Don José Manuel Lemos Seoane, concelleiro do PSdeG-PSOE, manifesta que simplemente por aclaralo, porque el estivo presente nunha xunta de voceiros, cre lembrar que en xullo do 2013, tamén estaban presentes o voceiro popular e o Sr. alcalde, e nese caso non estaba a secretaria xeral, estaba unha compañeira accidental, e díxolle que practicamente ese informe estaba terminado, que era cuestión, todo o máis, dun mes, iso en xullo do 2013. Pregunta que ten ese informe para ser tan complicado.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que non o sabe, que a aprobación do inventario é un asunto que require a aprobación por maioría absoluta do pleno e como asunto que require a aprobación por maioría absoluta é obrigatorio, é necesario, é preceptivo, así o di a lei, o informe da secretaria municipal. El o que lle pode dicir, como é obrigatorio ese informe, é que ao día seguinte de que teña o informe enriba da mesa, el convócaos a todos, sen falta, a unha reunión para tratar sobre este tema, entre outras cousas porque se le, que supón que leu o informe da secretaria no tema de Meixigo, teñen obriga de ter regulada a situación antes de que remate a lexislatura.

Por iso el se compromete ao día seguinte, cre que é a cuarta ou a quinta vez que llo dia, comprométese ao día seguinte de ter o informe enriba da súa mesa, a convocalo a unha reunión, a el e ao resto dos compañeiros, para tratar deste asunto.

A continuación, don José Manuel Lemos Seoane explica que a 3ª pregunta do grupo municipal dos socialistas de Cambre, van retirala, porque tiña obxecto no mes de decembro, cando se formulou, e agora mesmo está fóra de lugar.

Preguntas de UxC presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/639 o día 24 de xaneiro de 2015.

1ª Os bancos de pedra da praza Manuel Murguía están cheos de verdello, cando teñen pensado limpar esta zona?

Esta pregunta contestarase por escrito.

Don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, explica que a seguinte pregunta cre que tampouco vai ter resposta, pero van lela, porque é urxente, moi urxente. Se o Sr. alcalde pasou por alí, ou algún membro do Goberno, darase conta do perigo que ten esa zona.

2ª Dende Reis levan agardando os veciños da rúa Polígono que se arranxe unha profunda focha e se poña un sinal de dirección prohibida na prolongación da rúa Abeleira. Cando teñen pensado arranxar isto?

Don Óscar Alfonso García Patiño explica que non sabe se é precisamente a prolongación da rúa Abeleira, é entrando na rúa Polígono, a primeira rúa que vai á esquerda. Alí é dobre dirección, onde están os chinos, que hai unha parte que está toda sinalizada porque hai unha focha tremenda. Insiste en que é perigosísimo, e sobre todo de noite que hai moi pouca luz. Subindo por onde se vai facer o centro de saúde, había ao principio, cando se fixo toda esa urbanización, un sinal de prohibido que desapareceu, e a xente sube cando é só de baixada, porque falta, por iso di que non fai falta a resposta, hai que facelo porque é urxente.

O Sr. alcalde manifesta que mañá falará co capataz de obras e irán velo para ver se o poden arranxar xa, porque está previsto actuar nesa rúa precisamente. Está contratada a empresa e a adxudicataria ten todo en marcha, pero recolle a pregunta.

Don Óscar Alfonso García Patiño reitera que é urxente, e que era máis un rogo que unha pregunta.

Por último, por favor lle pide, para non facelo por rexistro, que cando teñan a documentación para el poder ir fotocopiala, por favor que se lle avise. Cre que tamén é de xustiza, non estar aquí agardando a ver cando pode ir.

3ª Veciños de Sigrás quéixanse da falta de sinalización en Vilar, Pite, ou Rego, etc., así como do abandono da Fonte do Souto, preguntamos cando teñen pensado solucionar isto.

Esta pregunta contestarase por escrito.

Preguntas de EU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 0/643 o día 24 de xaneiro de 2015, xunto coa moción e cos rogos presentados para este pleno.

1ª Na comisión informativa do mes de novembro de 2012, o noso grupo presentou unha iniciativa sobre a instalación de biondas ou outras medidas de seguridade no camiño que transcorre entre Cela e Canal, dado o risco de perigo que supón para a circulación. Transcorridos máis de dous anos e a pesar do compromiso do concelleiro responsable para resolver a situación, non se ten feito absolutamente nada no dito camiño.

Poden informarnos dos motivos que impediron a dita actuación?

O Sr. alcalde manifesta que contestará por escrito o concelleiro de Obras e Servizos, don Manuel Marante Gómez.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, dille que agarda que non tarde tanto tempo, porque esta pregunta foi presentada no 2012, agarda que sexa máis breve.

2ª No mes de xullo de 2014, EU presentou ante o pleno unha moción relativa á necesidade de eliminar definitivamente o método de cita previa sanitaria en atención primaria a través dun contestador, para volver á necesaria atención presencial e telefónica prestada por persoas físicas e non gravacións de voz. Todos os presentes sabemos que foi un texto moi polémico pola queimura que produciu a súa redacción entre os membros do equipo de goberno. Polémicas á parte, a moción foi aprobada grazas á sensibilidade dos grupos que a apoiaron, e actualmente existen, polo tanto, dous acordos de obrigado cumprimento para o Goberno: Instar á Consellería de Sanidade a que retire o servizo de contestador, xunto coa remisión das sinaturas recollidas nos diferentes centros de atención primaria, e dar traslado da moción aos responsables dos centros.

A nova reiteración que facemos deste tema vén dada porque EU segue a recibir queixas constantes sobre as dificultades que sobre todo persoas maiores teñen á hora de ter que pedir cita no seu centro de saúde. En moitas ocasións, as ditas persoas teñen que seguir acudindo a familiares ou veciños que o fagan por eles ou desprazarse fisicamente ao centro.

Con base no anteriormente exposto o grupo municipal de EU pregunta:

Poden informarnos de todas e cada unha das xestións realizadas para dar cumprimento á devandita moción así como das datas en que se levaron a cabo os acordos así como as respostas recibidas das distintas instancias implicadas?

Dona M^a Jesús González Roel, concelleira da Área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación, contesta que deuse parte á Consellería de Sanidade o día 7 de agosto de 2014. Remitiuse o acordo plenario á Consellería de Sanidade, ao centro de saúde do Temple e ao centro de saúde de Cambre.

A contestación que teñen por parte da consellería é que despois de recibir as queixas da moción e das sinaturas, fixo un estudo para ver realmente cal era o problema que estaba ocorrendo aquí en Cambre. O que lle contan é que o funcionamento, o circuíto de chamadas é, se non se colle polo persoal sanitario do centro pasa ao sistema IVR, e se non contesta satisfactoriamente, que é o normal se as persoas non din absolutamente nada, iso pasa a unha central de chamadas. Observaron e están estudando o motivo do desfase que hai, observaron que no consultorio do Temple a atención por parte do persoal do centro é dun 68%, e nos atendidos polo centro de Cambre é dun 28%.

Están facendo un estudo para ver por que está ocorrendo iso, se é por algún tipo de fallo do sistema IVR ou de que se trata, pero ben, o de que están facendo o estudo é o que lles transmitiron.

Dona M^a Olga Santos López, concelleira de EU, manifesta que a Sra. concelleira dixo que fixeran un estudo, preguntalle se o están facendo ou xa o fixeron.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que o están facendo, aínda non terminaron.

A concelleira de EU pregunta se, non obstante, xa teñen os datos.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que non teñen a conclusión, os datos a día de hoxe téñenos, si, pero non está terminado o estudo para saber exactamente a que se deben eses datos. Os datos claro que os teñen.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se ela ten eses datos.

A concelleira do grupo de goberno contesta que a ela téñenllos transmitido, pero de momento, ata que non teña o estudo, non ten nada por escrito. Transmitíronllo de maneira extraoficial, que están facendo o estudo e que cando o teñan terminado, remitiranllo.

Dona M^a Olga Santos López pregunta se hai previsión de cando van rematar o estudo.

Dona M^a Jesús González Roel contesta que non lle dixeron data.

Dona M^a Olga Santos López conclúe dicindo que seguirán preguntando en cada pleno por ese estudo.

3^a Con data do 3 de novembro o noso grupo presentou un escrito no rexistro do concello co número de entrada 1629, en relación co acondicionamento dun aparcadoiro no centro da vila. Transcorrido máis de un mes, non recibimos comunicación nin información respecto do tema.

Do mesmo xeito, temos presentado outro escrito de solicitude de documentación o día 30 de setembro, reiterado posteriormente no mes de novembro.

Ante a desidia do Goberno no cumprimento do seu labor, o noso grupo pregunta:

Que motivo existe para non trasladar a información solicitada e non cumprir o establecido nas normativas vixentes, sobre o dereito á información dos concelleiros para o desenvolvemento das súas funcións?

Dona Rocío Vila Díaz, concelleira de Urbanismo e Medio Ambiente, contesta que respecto do tema do aparcadoiro, teñen estado en diversas reunións cos propietarios para poder chegar a un acordo. Se ben é certo que hai vontade por ambas partes para chegar a ese acordo, están buscando a fórmula de converter esa vontade nun acordo escrito que conveña ou ampare a ambas partes. Están nese proceso, ténselles feito entrega aos propietarios dun borrador de acordo e están agardando que lles dean resposta a se están de acordo con iso ou non.

Por outro lado cre, porque este é o mesmo rogo que presentaron no pleno pasado, que ese escrito do que fala do 30 de setembro é un escrito relativo ao peche de Graduil, preguntalle se pode ser ou se está ela equivocada.

Don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU, manifesta que el presenta os escritos, e imaxina que a ela daránlle traslado deles, porque hai cuestións que ás veces non se queren comentar nos plenos. Entón, el nada máis lle vai pedir que se limite a darlle esa información por escrito, e non aquí no pleno.

Dona Rocío Vila Díaz expón que ela estalle pedindo se por favor lle pode aclarar, porque ela esta pregunta tíña para o pleno anterior, se ese escrito do que lle fala do 30 de setembro é con referencia a uns peches que se estaban dando en Graduil.

O voceiro de EU dille que correcto.

Dona Rocío Vila Díaz explica que tralo escrito que el presentou o que se fixo dende o concello foi abrir un expediente de disciplina, porque esas obras estábanse levando a cabo sen ter concedida a comunicación previa, por iso derivou en que se abriese ese expediente, co cal el recibirá todas as notificacións que se lle fagan á comunidade de propietarios do polígono. En resumo o seu escrito derivou en abrir un expediente, e cando se lle comunique algo a eles, comunicaráselle a el tamén, todas as resolucións.

Antes de finalizar a sesión, don Óscar Alfonso García Patiño, voceiro de UxC, intervéen para dicirlle ao Sr. alcalde que supón que lles contestarán a todos as preguntas de todos, as que quedaron en contestar por escrito, non soamente as de UxC a UxC, senón a todos os grupos.

O Sr. alcalde responde que a todos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as vinte e dúas horas e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Manuel Rivas Caridad

A secretaria xeral
M^a Luisa de la Red Ampudia